

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 15 de outubro de 2012**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Cayetano Rodríguez Escudero

**Invitado:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9.05 horas do día quince de outubro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo, non asistíu.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1268).- ACTA ANTERIOR.** Apróbbase a acta da sesión do 1 de outubro de 2012. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(1269).- DAR CONTA DAS SEGUINTE SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:**

Dáse conta das seguintes sentenzas remitidas por Asesoría Xurídica :

a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 177/2012. Demandante: D.<sup>a</sup> FRANCISCA GARCÍA RODRÍGUEZ. Obxecto:

Desestimación presunta de reclamación RPA, accidente vehículo. Rematado o procedemento por satisfacción en vía administrativa. Expte. 7397/111.

b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O. 379/2011. Demandante: D.<sup>a</sup> PILAR SANCHEZ MARTÍN. Obxecto: Resolución do 14 de xuño de 2011, RPA, caída o 19/02/2008. Sentenza: nº 214 do 31 de xullo de 2012: Esta sentenza firme, desestima o recurso. Expte. 6945/111.

c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 209/2012. Demandante: D. CARLOS VELLO COSTAL. Obxecto: Resolución 02/05/2012, SANC.TRAF (circular en rotonda). Esta sentenza firme, desestima o recurso con custas de oficio. Expte. 7433/111.

d) Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid-Sala do Contencioso-Administrativo-Sección 6<sup>a</sup> no RC-A nº P.O. 1239/2009. Demandante: CONCELLO DE VIGO. Obxecto: Cota do Imposto sobre bens inmoables dos exercicios 2004 a 2007. Esta sentenza que non é firme, desestima o recurso. Expte. 5352/111.

e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.O. 137/2011. Demandante: D<sup>a</sup> ANA I. DE LA TORRE MARCOS. Obxecto: Resolución 24/05/2011, RPA, caída na vía pública o 29/10/2008. Sentenza: Acepta o desestimento da demandante. Expte. 6912/111

f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 140/2012. Demandante: D ÓSCAR SALGUEIRO IGLESIAS. Obxecto: Resolución 31/05/2012, RPA , danos en vehículo o 01/06/2010. Esta sentenza firme, estima parcialmente o recurso. Expte. 7345/111.

g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 179/2012. Demandante: D ANTONIO CASTRO PARDAL. Obxecto: XGL 10/02/2012 enalzada. Selección de Persoal, subalternos, OEP 2008. Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso, con custas de oficio. Expte. 7389/111.

h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 93/2012. Demandante: D JUAN ÁLVAREZ GONZALEZ. Obxecto: Resolución do 28/03/12. RPA, caída na vía pública o 17/05/2009. Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas de oficio. Expte. 7256/111.

i) Sentenza do X. Do Social nº 4 de Vigo 513/2012. Demandante: D RAÚL RÍOS RODAS. Obxecto: Despedimento. Esta sentenza, que non é firme, estima parcialmente o recurso. Expte. 7532/111.

l) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 176/2012. Demandante: D IVÁN ESTÉVEZ SANROMÁN. Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo. Constrinximento, sancións de tráfico XER-NIC.

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas de oficio. Expte. 7412/111.

m) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 206/2012. Demandante: D JOSÉ LUIS PIRES FERREIRA. Obxecto: RPA, Accidente de moto o 24/11/2010. Este AUTO inadmite o recurso por extemporáneo. Expte. 7437/111.

n) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 169/2012. Demandante: D EDUARDO RON MOROSO. Obxecto: Resolución do 03/04/2012, sanción de tráfico, non uso de cinto de seguridade. Esta sentenza, firme, estima o recurso e anula a sanción, con imposición de custas ao Concello. Expte. 7373/111.

ñ) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 195/2012. Demandante: D RUBÉN HERRUZO SILVA. Obxecto: Resolución do 30/03/2012, Prescripción, RPA, accidente vehículo 16/02/2010. Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas de oficio. Expte. 7422/111

o) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 205/2012. Demandante: D<sup>a</sup> M. ALICIA FERNÁNDEZ AMOEDO. Obxecto: estacionamento incorrecto. Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso. Expte. 7426/111.

p) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 198/2012. Demandante: D CRISTIAN ALONSO ALONSO. Obxecto: danos en vehículo. Declara rematado o procedemento por desestimento da parte actora. Expte. 7427/111

q) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 139/2012. Demandante: D XESUS SANXUAS FORMOSO. Obxecto: sanción de tráfico. Declara rematado o procedemento por incomparecencia á vista do actor, con custas de oficio. Expte. 7352/111

r) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.O. 68/2009. Demandante: SOGARISA. Obxecto: transportes e tratamentos de lodos da EGAR. Esta sentenza, firme, desestima o recurso. Expte. 6216/111

s) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 169/2012. Demandante: D MANUEL GOMEZ PEREIRO. Obxecto: desestimación presunta. Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso. Expte. 7405/111

t) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 177/2012. Demandante: D<sup>a</sup> BEATRIZ GOMEZ ANTONIO. Obxecto: accidente de moto. Esta sentenza, firme, desestima o recurso. Expte. 7411/111

### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **3(1270).- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTES. 644/05, 317/01, 2403/14, 182/02, 536/01, 1391/01, 1449/06.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 21, 25 e 28.09.2012 e 1 e 2.10.2012, conformados pola concelleira-delegada da Área de Política e Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D<sup>a</sup>. Manuela Velasco Barrado. Expte.644/05.
- D<sup>a</sup>. Emilia Dominguez Lago. Expte. 317/01
- D. Antonio Gallego Paredes. Expte. 2403/14
- D<sup>a</sup>. Enriqueta Alonso Costas. Expte. 182/02
- D<sup>a</sup>. Ermelinda Gomez Gomez. Expte. 536/01
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Vázquez Cobas. Expte. 1391/01
- D<sup>a</sup>. Matilde López Río. Expte. 1449/06

### **4(1271).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE D. ENRIQUE ALFONSO DOMÍNGUEZ RODRÍGUEZ, POLA REALIZACIÓN DO SERVIZO DE CONXUROS CO GALLO DA PROMOCIÓN DA CANDIDATURA VIGUESA Á UNIVERSIADA 2013 E DO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE TAEKWONDO. EXPTE. 11329/333.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 18.10.2012, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, e co informe da Titular da Asesoría Xurídica, do 16.07.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 8.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Declarar a nulidade da prestación realizada consistente en conxuros co gallo da promoción da candidatura viguesa á Universiada 2013 e ao Campionato de España de Taekwondo, recollidas nas fras nº 2-011 e 3-011, emitidas por D. Enrique Alfonso Domínguez Rodríguez, co NIF 36092881-Q.

2.- Aprobación da indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de D. Enrique Alfonso Domínguez Rodríguez, por un importe de 3.776 € segundo o estipulado nos parágrafos precedentes da proposta.

3.- Recoñecer a obriga a favor de D. Enrique Alfonso Domínguez Rodríguez, co NIF 36092881-Q, por importe de 3.776 €, consonte coa factura 2-011 de data 3/05/2011 (2.360 €) e 3-011 de data 3/05/2011 (1.416 €), con cargo á partida 3410.226.01.01 "Rec. Ext. Cred. Conxuros Enrique Domínguez", do vixente orzamento, pola realización do servizo de conxuros co gallo da promoción da candidatura viguesa á

Universiada 2013 e do Campionato de España de Taekwondo.

**5(1272).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE BULIMIA Y ANOREXIA DE PONTEVEDRA. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 9096/77.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 13.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 27.09.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 5.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, do 8.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación de Bulimia y Anorexia de Pontevedra (ABAP), con CIF: G36835403.
2. Autorizar o gasto de 17.480,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410. 4890010 “Convenios Plan de Emprego Municipal”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.
3. Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de duos mil doce

**REUNIDOS**

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/06/2012.

Doutra, don Juan Ramón Pérez Pérez, como Asociación de Bulimia y Anorexia de Pontevedra (ABAP), con CIF: G36835403, e enderezo social en Rúa Camilo Veiga, 44 Baixo P.2, 36208 Vigo, Representación que acredita con certificado do secretario da asociación, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**EXPOÑEN**

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxectos integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, veciñal e social

nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións, fundacións, federacións, asociacións vecinais, sociais, empresarias, sindicais etc... de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

## MANIFESTAN

I.- Que a Asociación de Abulimia y Anoxeria de Pontevedra (ABAP), conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- Contribuír ao desenvolvemento do proxecto de vida de cada persoa con con trastornos alimentarios.
- Prestar os apoios necesarios as persoas con con trastornos alimentarios e ás súas familias e facilitando oportunidades para que poida tomar as súas propias decisións e participar activamente na sociedade.
- A defensa dos dereitos das persoas con con trastornos alimentarios e os das súas familias.
- A participación activa na entidade de todos os axentes da organización (doentes, familias, profesionais e voluntarios).
- Ter unha actitude proactiva na detección de necesidades e eficiente na xestión de recursos.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federación de empresarios e de fomento do emprego, a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e veciñais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sin olvidar a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

VIGO	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos
2012/Abril	33894	2292	31602	15616	1244	14372	18278	1048	17230

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

VIGO 2012/Abril	Paro total	Agricultura/Pesca	Industria	Construcción	Servizos	Sen emprego anterior
<b>Ambos sexos</b>	<b>33894</b>	444	5587	3366	21002	3495
<b>Homes</b>	<b>15616</b>	319	3343	2944	7782	1228
<b>Mulleres</b>	<b>18278</b>	125	2244	422	13220	2267

Paro rexistrado por sexo e grupos quinquenais de idade:

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento da situación das persoas desempregadas e do entorno das persoas con *con trastornos alimentarios*, pola Asociación de Abulimia y Anoxeria de Pontevedra (ABAP), impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

**IV.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa axuda as persoas con trastornos alimentarios e ás súas familias, mediante a posta en funcionamento de un comedor terapéutico, a realización das actividades de sensibilización do doente, a dinamización da entidade e fomento do asociacionismo dos veciños e veciñas, mellorar o acceso ao mercado de traballo das persoas doentes.

**V.-** Que a Asociación de Abulimia y Anoxeria de Pontevedra (ABAP) non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación de Abulimia y Anoxeria de Pontevedra (ABAP), o Concello de Vigo e a dita Asociación de Abulimia y Anoxeria de Pontevedra (ABAP) convénen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A Asociación de Abulimia y Anoxeria de Pontevedra (ABAP), comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego, así como nas labores de dinamización da entidade e do fomento do asociacionismo e, concretamente, a:

1. Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa axuda a persoas con trastornos de alimentación e as súas familias, mediante a realización das actividades de:
  - a) Sensibilización social e coñecemento das dolencias relacionadas cos trastornos alimentarios.
  - b) Dar resposta as necesidades das persoas con trastornos alimentarios e as súas familias a través dos distintos servizos prestados nos centros da Asociación.
  - c) Por en funcionamento un comedor terapéutico.
  - d) Erradicar o estigma e a discriminación relacionados cos trastornos alimentarios.

- e) Desenvolver accións específicas dirixidas a mulleres por se o colectivo máis afectado, eliminando as desigualdades de xénero.
  - f) Promover accións de conscienciaicón e sensibilización social dirixidos a mozos/as.
  - g) Prestar axuda ao entorno familiar na:
    - Metodoloxía da atención as persoas doentes.
    - Información e formación sobre o uso das redes sociais e internet cara a detección de usos indebidos.
  - h) Prestar a colaboración e axudas precisas para o apoio a inserción laboral, incorporación a cursos profesionais e calquera outra actividade de índole similar.
  - i) Facilitar os medios necesarios para a súa rehabilitación.
  - j) Colaborar e axudar na adopción de toda clase de medidas e medios para a súa integración social.
2. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
  3. No emprazamento das accións constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
  4. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
  5. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
  6. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
  7. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral, o acceso será aberto e gratuíto.
  8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
  9. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respectar a estrutura organizativa da Asociación de Abulimia y Anoxeria de Pontevedra (ABAP)
3. Conceder directamente á Asociación de Abulimia y Anoxeria de Pontevedra (ABAP) unha subvención total por importe de 17.480,00 € con cargo á partida 2410.4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá



efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

4. A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
5. En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
6. A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

**Setimo.-** A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

**Oitavo-** Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

1. O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
2. Tres vocais:
  - a) Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

b) Dous a membros da Xunta directiva da entidade Asociación de Abulimia y Anoxeria de Pontevedra (ABAP).

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar as selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

**Noveno.-** A beneficiaria, no prazo de tres (3) meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

**Décimo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**Décimo primeiro.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de outubro de 2012 e o 31 de marzo de 2013.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

**Décimo sexto.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal,

sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

**Décimo sétimo.-** A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Asociación de Abulimia y Anoxeria de Pontevedra (ABAP) no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

**Décimo oitava.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2012.

**6(1273).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN “REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS”. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 9103/77.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 19.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 27.09.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 5.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, do 5.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, con CIF: G36928646 sobre as accións de interese para a cidade destinadas a fomentar actividades en materia de comunicación, formación e dinamización no acompañamento ás mulleres, vítimas de violencia de xénero, cara a súa reincorporación sociolaboral, elaborando estudos das súas necesidades, intensificando a concienciación social e creando unha base de datos documental sobre a violencia de xénero.
- Autorizar o gasto de 50.478,00 €, (dos que 27.598,62 € serán con cargo o orzamento municipal 2012 e o resto de 22.879,38 € con cargo ao do ano 2013.) como contrapartida do estipulado no presente convenio de colaboración, con cargo á partida 2410 2279910 “Convenios Plan de Emprego Municipal”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.
-

- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

“CONVENIO COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS” NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO ACOMPAÑAMENTO E APOIO ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO”

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de duos mil doce

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz co DNI 36008431-E, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcadia de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2011, con enderezo na Praza do Rei núm. 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.

Doutra parte, Dona María Rosario Otero Rodríguez co DNI 36012710T en calidade de Presidenta da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, nomeada en asamblea celebrada o 15 de decembro de 2010, ten poder suficiente para actuar en nome da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, con domicilio social en Rúa Oliva, 12 – 2º 36202 de VIGO e CIF G36928646.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

### **EXPOÑEN**

**PRIMEIRO:** A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, indica, no seu artigo 80, punto 2, letras k) e p), que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma participando, entre outros aspectos, na formación de activos e desempregados.

Deste xeito, Concello de Vigo a través do Plan Municipal de Emprego 2012, promove a formación en empresas con compromiso por parte destas de contratar a un mínimo de persoas fomentando a colaboración de forma activa na loita contra o desemprego. A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón a toma en consideración dun conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social no que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como da reincorporación sociolaboral das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento en todos os ámbitos sociais da eliminación da violencia mediante técnicas de prevención e concienciación social.

**SEGUNDO:** Para acadar esta loita contra a discriminación e a reinserción deste colectivo desfavorecido, a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, propón a contratación de 6 profesionais para a realización de actividades de fomento e formación en igualdade, a concienciación social e para mellorar a súa empregabilidade grazas a atención directa e especializada na reincorporación ao mercado laboral e á sociedade destas mulleres vítimas de violencia de xénero.

Todas estas actividades propostas pola Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, considéranse accións de interese para a nosa cidade, pola potenciación da xestión de

atención primaria de saúde, así como na prestación dos servizos sociais e de promoción, así como da reinserción de colectivos desfavorecidos.

Deste xeito o Concello de Vigo por medio da Concellaría de Emprego, e a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”

## **ACORDAN**

### **PRIMEIRO**

O presente convenio suscríbese co obxectivo de artellar a colaboración entre o Concello de Vigo e Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” nas actividades de :

1. Facilitar a reincorporación social e laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero mediante a información, motivación, o asesoramento en técnicas de busca de emprego e a orientación laboral personalizada que priorizará:
  - fomento da autoestima.
  - A potenciación da personalidade.
  - A transmisión de modelos sociais igualitarios.
  - fomento do bo trato nas relacións afectivas e sociais.
3. Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa igualdade e o traballo coas persoas vítimas de violencia, así como a súa incorporación ao mercado laboral.
4. Proporcionarlles ás/ós profesionais seleccionados formación en competencias transversais aliñadas coas necesidades do mercado laboral no ámbito da igualdade.
5. Catalogar a documentación da entidade, así como desenvolver labores de investigación das mulleres vítimas de violencia de xénero.
6. Eliminar a violencia en todos os ámbitos sociais, mediante técnicas de prevención e concienciación social.

Así mesmo o encadrarse dentro do Plan Municipal de Emprego 2012 ten por obxecto establecer un marco de colaboración para promover as contratacións facilitándolles os traballadores seleccionados a adquisición de experiencia laboral relacionada na loita contra a violencia de xénero.

### **SEGUNDO**

Corresponderalle a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” a planificación e organización das actividades a desenvolver sempre co acordo do servizo xestor (a concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado).

### **TERCEIRO**

A Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos contratará a 6 profesionais para a realización de actividades de fomento e formación en igualdade, a concienciación social e para mellorar a súa empregabilidade grazas a atención directa e especializada na reincorporación ao mercado laboral e á sociedade destas mulleres vítimas de violencia de xénero e fará cantas outras accións sexan necesarias para levar a cabo o presente convenio.

Así mesmo proporcionaralle ás/ós profesionais seleccionados formación en competencias transversais aliñadas coas necesidades do mercado laboral no ámbito da igualdade.

O Concello de Vigo figurará adecuadamente en tódalas actuacións publicitarias e de difusión que se realicen, aparecendo expresamente có seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador, a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos, terá que aportar probas deste

material co logotipo oficial con anterioridade a súa impresión para conformidade do Concello de Vigo.

#### CUARTO

O Concello de Vigo afrontará os gastos polo importe de **50.478,76 €** con cargo á partida 2410.2279910 “Convenios Plan de Emprego Municipal”, (dos que 27.598,62 € serán con cargo o orzamento municipal 2012 e o resto de 22.879,38 € con cargo ao do ano 2013) como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410.2279910 “Convenios Plan de Emprego Municipal”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas, colaborando na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas. O pago a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” realizarase contra a presentación da memoria de avalización das actividades realizadas.

No referido ó pagamento da cantidade acordada como presuposto das actividades, motivo do presente convenio, a entidade poderá solicitar un anticipo a conta de ata un 50% do montante total, previa solicitude o Concello de Vigo e previa xustificación do destino dos fondos solicitados e da necesidade financeira dos mesmos. O restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade das accións que figuran neste convenio de colaboración.

#### QUINTO

Para a tramitación do pago do importe da axuda do presente convenio coa Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, deberá achegar, ademáis da memoria que recolla as actuacións, os seguintes xustificantes acreditativos dos gastos vencellados ao proxecto do presente Convenio coas seguintes especificacións:

1. As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.
2. En relación coas retribucións de persoal xustificaranse mediante:
  - ▣ Copia autenticada do contrato.
  - ▣ Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
  - ▣ Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
  - ▣ Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
  - ▣ Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.
3. Cando a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora do convenio procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo do convenio e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á axuda conveniada recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora do convenio e procederá á devolución do orixinal.

4. Serán gastos admitibles os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade conveniada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de outubro de 2012 e o 31 de marzo de 2013.
5. En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vencellados de forma directa co obxecto deste convenio.
6. Antes de proceder ao pago da axuda a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable.
7. A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas
8. Asemade, coa xustificación deberá entregarse unha declaración actualizada sobre a precepción ou non, por parte da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, doutras axudas para as actividades obxecto deste convenio, así como a indicación do importe e procedencia doutros fondos e recursos cos que fose financiada a actividade.

#### **SEXTO**

Para o seguimento do convenio, así como para a determinación dos criterios non previstos no funcionamento do mesmo, nomearase unha Comisión de Seguimento, composta polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, Tres vocais Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, dous membros da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a sinatura deste convenio de colaboración será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade prevista no presente convenio, así como a procedencia para o pago da citada actividade.

#### **SÉTIMO**

O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura, e estará vixente ata o cumprimento do obxecto do mesmo, é dicir, dende o día 1 de outubro de 2012 ata o 31 de marzo de 2013 data de finalización do presente convenio. O incumprimento do especificado nos acordos estipulados neste convenio poderá significar a súa cancelación. Previamente as partes comunicarán esa intención cunha antelación de 15 días.

#### **OITAVO**

A colaboración do Concello de Vigo non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” no desenvolvemento das actividades indicadas.



## NOVENO

A xunta de Goberno Local do Concello de Vigo queda facultada para solucionar as controversias derivadas da execución deste convenio e o concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado para adoptar as medidas que contribúan o seu cumprimento e desenvolvemento.

E, en sinal de conformidade, as dúas partes asinan este convenio que se expide por triplicado e a un só efecto, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2012.

### **7(1274).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL. EXPTE. 9108/77.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 12.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 27.09.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 5.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, do 5.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral (APAMP), con CIF: G36624120.
- Autorizar o gasto de 20.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410. 4890010 “Convenios Plan de Emprego Municipal”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.
- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de duos mil doce

#### REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/06/2012.

Doutra, don Daniel Varela Lago, como Presidente da Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral (APAMP), con CIF: G36704666, e enderezo social en Rúa Miguel Hernández, 1, 36210 Vigo, Representación que acredita con certificado do secretario da asociación, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

## EXPOÑEN

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxectos integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións, fundacións, federacións, asociacións vecinais, sociais, empresarias, sindicais etc... de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

## MANIFESTAN

I.- - Que a Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral (APAMP), conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- Contribuír ao desenvolvemento do proxecto de vida de cada persoa con parálise cerebral ou afín.
- Prestar os apoios necesarios as persoas con parálise cerebral e afíns e ás súas familias e facilitando oportunidades para que poida tomar as súas propias decisións e participar activamente na sociedade.
- A defensa dos dereitos das persoas con parálise cerebral e afíns e os das súas familias.
- A participación activa na entidade de todos os axentes da organización (persoas con parálise cerebral, familias, profesionais e voluntarios).
- Ter unha actitude proactiva na detección de necesidades e eficiente na xestión de recursos.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federación de empresarios e de fomento do emprego, a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e veciñais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sin olvidar a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

VIGO	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos
2012/Abril	33894	2292	31602	15616	1244	14372	18278	1048	17230

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

VIGO 2012/Abril	Paro total	Agricultura/Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Ambos sexos	33894	444	5587	3366	21002	3495
Homes	15616	319	3343	2944	7782	1228
Mulleres	18278	125	2244	422	13220	2267

Paro rexistrado por sexo e grupos quinquenais de idade:

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento da situación das persoas desempregadas e do entorno das persoas con parálise cerebral e afíns, pola Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral (APAMP), impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa axuda a infancia e a dinamización e mantemento e coidado de instalacións, mediante a realización das actividades de dinamización da entidade e fomento do asociacionismo dos veciños e veciñas, mellorar o acceso ao mercado de traballo de desempregadas/os de longa duración, ptenciar a bolsa de traballo facilitando a empregabilidade dos seus usuarios/as, mellorar as instalacións e prestar un servizo de transporte aos nenos e nenas da escola infantil.

V.- Que a Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral (APAMP) non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral (APAMP), o Concello de Vigo e a dita Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral (APAMP) convenén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

**PACTOS**

**Primeiro.-** A Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral (APAMP), comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego, así como nas labores de dinamización da entidade e do fomento do asociacionismo e, concretamente, a:

1.-Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa axuda a persoas con parálise cerebral e as súas familias e a dinamización e a xestión administrativa de entidades, mediante a realización das actividades de:

- a) Dar resposta as necesidades das persoas con parálise cerebral e as súas familias a través dos distintos servizos prestados nos centros da Asociación.
- b) Ampliar e mellorar a prestación destes servizos as persoas que teñen prazas na entidade, ademáis de ampliar servizos aos que se atopan en lista de espera.
- c) Mellorar e ampliar os servizos prestados orientados a:
  - Facilitar os medios adecuados para que as persoas con parálise cerebral e minusvalías afíns, adquiran os coñecementos e aptitudes necesarias para a súa normalización na sociedade.
  - Prestar a colaboración e axudas precisas para o apoio a inserción laboral, incorporación a cursos profesionais e calquera outra actividade de índole similar.
  - Facilitar os medios necesarios para a súa rehabilitación.
- d) Colaborar e axudar na adopción de toda clase de medidas e medios para a súa integración social.

2.- Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.

3.-No emprazamento das accións constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

4.-Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.

5.-Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

6.-Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

7.-As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.

8.-Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

9.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- 1.-Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
- 2.-Respectar a estrutura organizativa da Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral (APAMP)
- 3.-Conceder directamente á Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral (APAMP) unha subvención total por importe de 20.000,00 € con cargo á partida 2410.4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- 1.-A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
- 2.-En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
- 3.-A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

**Sétimo.-** A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

**Oitavo.-.-** Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

1.-O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

2.-Tres vocais:

- a) Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- b) Dous a membros da Xunta directiva da entidade Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral (APAMP).

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar a selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

**Noveno.-** A beneficiaria, no prazo de tres (3) meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

**Décimo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**Décimo primeiro.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de outubro de 2012 e o 31 de marzo de 2013.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sinificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

**Décimo sexto.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei

de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

**Décimo sétimo.-** A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral (APAMP) no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

**Décimo oitavo.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2012.

### **8(1275).- AUTORIZACIÓN DE SINATURA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN FORMACIÓN E EMPREGO DE GALICIA (FOREM GALICIA) E O CONCELLO DE VIGO PARA PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS. EXPTE. 9128/77.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 3.10.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, e co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 8.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar a sinatura do convenio entre D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, concelleiro delegado de Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, segundo Decreto de Delegación de Alcaldía de 13 de xuño de 2011, e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Estalote Suárez, con DNI 32789914X, en representación do centro colaborador de formación ocupacional FOREM Galicia, para a regulación da realización das prácticas que realicen os alumnos participantes nos cursos AFD.

2.- En ningún caso o Concello de Vigo asumirá ningún gasto derivado do presente convenio, nin danos ou perdas que se poidan producir nas



instalacións e dependencias municipais como consecuencia da entrada en vigor do mesmo.

3.- Este período formativo non constitúe, baixo ningún concepto, una relación laboral entre os alumnos e o Concello de Vigo.

**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN FORMACIÓN E EMPREGO DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS INCLUIDAS NO PROGRAMA FORMATIVO DE ALUMNOS DOS CURSOS AFD (Accións Formativas para Desempregados) segundo as bases reguladoras da orde de 30 de decembro de 2011.**

Vigo,

#### **REÚNENSE:**

Por unha parte, D. Santos Hector Rodríguez Díaz, concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en representación do Concello de Vigo con enderezo social na Praza do Rey, nº 2 de Vigo, C.P. 36202 e CIF: P-3605700H, en virtude da delegación conferida por decreto de data 13 de xuño de 2011.

Da outra, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Estalote Suárez, Directora da Fundación Formación e Emprego de Galicia, en adelante FOREM Galicia, con CIF G15428287 e enderezo Vía Edison, nº 1C, Polígono do Tambre, 15890 en Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación da mesma, inscrita no Rexistro de Fundacións da Xunta de Galicia co número 1993/18, por tempo indefinido en escritura outorgada o 16 de xullo de 1993 polo notario D. Ildefonso Sánchez Mera con número 3.532 de protocolo.

Ambas as dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e, para os efectos,

#### **EXPOÑEN**

Que ambas as partes recoñécense recíprocamente capacidade e lexitimidade para acordar.

Que o obxectivo do presente acordo é a colaboración entre as entidades ás que representan para o desenvolvemento das Prácticas dos alumnos dos cursos AFD, segundo as bases reguladoras da Orde de 30 de decembro de 2010 da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

#### **ACORDAN**

Subscribir o presente acordo de colaboración para o desenvolvemento da formación en centros dependentes do Concello de Vigo para o alumnado dos cursos AFD.

#### **CLÁUSULAS**

**Primeira.-** O alumnado dos cursos AFD desenvolverán actividades formativas programadas no centro de formación e servizos do Concello de Vigo, sen que isto implique relación laboral algunha con esta institución, ésta será polo tanto estritamente académica.

**Segunda.-** O Concello de Vigo colaborará na formación do alumnado dos cursos AFD sen que en ningún momento poida verse afectado o seu normal funcionamento.

**Terceira.-** O número de alumnos en prácticas será determinado de mútuo acordo, entre ambas as dúas partes.

Calquer accidente que o alumno poida sufrir dentro ou fóra do Concello de Vigo estará cuberto por un SEGURO DE ACCIDENTES e unha PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL a favor do alumno/a, contratada por **FOREM Galicia**, e que comprenderá todo o periodo de prácticas. O alumno baixo ningún concepto, podrá reclamar responsabilidades ao Concello de Vigo.

O Concello de Vigo en ningún caso asumirá un gasto derivado do presente Convenio, nin de danos e perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias do Concello de Vigo.

**Cuarta.-** De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelará a persoa allea á empresa/entidade información da que tiveran coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de secreto fronte á empresa/entidade, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A tal efecto o/a estudante asinará coa empresa/entidade un documento no que se obrigue a cumprir o deber de secreto antes citado.

**Quinta.-** A entidade responsable da docencia fará un seguimento do alumnado en coordinación co responsable por parte do Concello de Vigo.

**Sexta.-** Número de prazas

O Concello de Vigo acollerá tres (3) alumnos de FOREM Galicia en calidade de estada de prácticas, un por cada un dos cursos AFD de “Xestión integrada de recursos humanos”, “Actividades administrativas na relación co cliente” e “Xestión contable e xestión administrativa para auditoría”.

Ningún alumno terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio (incorpórase o listado dos alumnos no anexo 1).

**Sétima.-** Número de horas e horario

As prácticas que realice o alumno do curso de “Xestión integrada de recursos humanos” consistirán en 120 horas, a realizar de 30 de outubro a 27 de novembro de 2012. No caso do curso de “Actividades administrativas na relación co cliente” as prácticas desenvolveranse de 31 de outubro a 29 de novembro de 2012, cunha duración total de 120 horas. E por último o alumno do curso de “Xestión contable e xestión administrativa para auditoría” serán de 80 horas, desde o día 5 ata o 23 do mes de novembro de 2012.

Todas as prácticas realizaranse dentro do horario de 8.15 a 14.45 horas.

As prácticas non serán recompensadas economicamente a ningún alumno.

**Oitava.-** O presente acordo poderase extinguir por finalización do tempo convidado e poderase rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas que se lle deberá comunicar a outra cunha antelación mínima de cinco días, baseada nalgunha das seguintes causas:

a) Cesamento de actividades do centro docente ou dos centros dependentes do Concello de Vigo.

b) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.

c) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración, inadecuación pedagóxica das prácticas formativas ou vulneración das normas que estean en cada caso vixentes en relación coa realización das actividades programadas.

d) Mútuo acordo entre FOREM Galicia, adoptado pola súa dirección, e o Concello de Vigo, adoptado pola súa. Igualmente poderase rescindir para un alumno, ou grupo deles, por calquera das partes asinantes, e ser excluído da súa participación no acordo por decisión unilateral do Centro de Formación ou do Concello de Vigo, ou conxuntamente de ambos os dous, nos seguintes casos:

d.1) Falta de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas á realización das prácticas.

d.2) Actitude incorrecta ou falta de aproveitamento, tras unha audiencia coa persoa interesada.

O alumno aceptará que en calquer momento se lle poida requerir que abandone definitiva o temporalmente as dependencias do Concello, sin que poida esixir ningún tipo de indemnización, previa comunicación fehaciente a FOREM Galicia.

**Novena.-** O presente acordo entrará en vigor durante o presente ano 2012, sen prexuízo de que se prorrogue automaticamente para os vindeiros anos, se non é denunciado por algunha das dúas partes.

E, en proba de conformidade, asinan as partes o presente convenio no lugar e data indicados ao comezo.

### **9(1276).- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA DE GALICIA DENTRO DO PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO (VIGO LABORANDO II). EXPTE. 9134/77.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 5.10.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aceptar a subvención concedida na resolución da Directora Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, de data 20 de setembro de 2012, en base a Orde do 5 de xuño de 2012, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2012 e 2013 de programas integrados para o emprego, co expediente TR332A 2012/90-0, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha **subvención** polo importe de **46.468,00 € para o ano 2012 e de 46.468,00 € para o ano 2013.**

2.- Encomendar ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, a xestión do programa integrado para o emprego "Vigo Laborando II", conforme ao establecido na orde de 5 de xuño de 2012, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a

posta en práctica en Galicia de programas integrados para o emprego durante os anos 2012 e 2013, e proceda a axuste do programa ao presuposto aprobado.

**10(1277).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE JOVENES EMPRESARIOS DE GALICIA. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 9086/77.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 10.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 18.09.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 5.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Jovenes Empresarios de Galicia (AJE Galicia)”, con CIF: G36905040.
- Autorizar o gasto de 20.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410. 4890010 “Convenios Plan de Emprego Municipal”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.
- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de duos mil doce

**REUNIDOS**

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/06/2012.

Doutra, dona Patricia García González, como Presidenta da Asociación de Jovenes Empresarios de Galicia (AJE Galicia), CIF nº G36905040, e enderezo social en Rúa Manuel Nuñez, 4 - 5ª, 36203 Vigo, Representación que acredita con certificado do secretario da asociación, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**EXPOÑEN**

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxectos integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións, fundacións, federacións, asociacións veciñais, sociais, empresarias, sindicais etc... de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

## MANIFESTAN

I.- Que a Asociación de Jovenes Empresarios de Galicia (AJE Galicia), conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- ▣ *Promover o emprego e a xeración de riqueza.*
- ▣ *Fomentar o emprendemento mediante a formación, o asesoramento e o apoio empresarial.*
- ▣ *Dotar aos cidadáns de Vigo dunhas capacidades e habilidades que lles axuden a adquirir un emprego e facer máis competitivas as empresas da que forman parte.*

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federación de empresarios e de fomento do emprego, a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades veciñais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sin olvidar a súa potencialidade como posibles xacementos de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

VIGO	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos
2012/Abril	33894	2292	31602	15616	1244	14372	18278	1048	17230

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

VIGO 2012/Abril	Paro total	Agricultura/Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
<b>Ambos sexos</b>	<b>33894</b>	444	5587	3366	21002	3495
<b>Homes</b>	<b>15616</b>	319	3343	2944	7782	1228
<b>Mulleres</b>	<b>18278</b>	125	2244	422	13220	2267

Paro rexistrado por sexo e grupos quinquenais de idade:

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento da situación das persoas desempregadas pola Asociación de Jovenes Empresarios de Galicia (AJE Galicia) impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

**IV.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen o presente concenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é ofrecer información, formación, asesoramento e orientación laboral sobre o autoemprego, a creación de novas empresas e a busca de emprego.

**V.-** Que a Asociación de Jovenes Empresarios de Galicia (AJE Galicia) non está incurso en prohibicións para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación de Jovenes Empresarios de Galicia (AJE Galicia), o Concello de Vigo e a anteriormente dita asociación acordan a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A Asociación de Jovenes Empresarios de Galicia (AJE Galicia), comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego, así como nas labores de administración e xestión do proxecto "Punto Emprego" e, concretamente, a:

- 1.- Facilitar a incorporación ao mundo laboral de xoves por medio do apoio directo desde a entidade dotándolles das habilidades necesarias para o emprendemento e/ou da súa integración no mercado laboral.
- 2.- Diagnosticar a grupos de xoves con inquietudes e iniciativa a través dunha ferramenta online, as áreas nas que pode mellorar.
- 3.- Traballar esas habilidades en talleres formativos de 5 módulos impartidos por empresarios ou directivos de dilatada experiencia no exercicio de ditas actividades e que permanecerá aberto os 12 meses do ano.
- 4.- Realizar un seguemento dos logros alcanzados a través de reunións entre xoves e mentores que serán aquelas persoas cuxa traxectoria curricular sexa destacada e que podan adicar tempo a compartir a súa experiencia con xoves no desenrolo das súas iniciativas.

5.- Realizar 1 acción anual de reunión e difusión destas habilidades, das iniciativas surxidas dos talleres formativos e das conclusións dos mentores da man dun panel de expertos e experiencias destacadas do proxecto.

6.- Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.

7.- No emprazamento das accións constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

8.- Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.

9.- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

10.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

11.- As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.

12.- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

13.- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1.- Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

2.- Respetar a estrutura organizativa da Asociación de Jovenes Empresarios de Galicia (AJE Galicia).

3.- Conceder directamente á Asociación de Jovenes Empresarios de Galicia (AJE Galicia) unha subvención total por importe de 20.000,00 € con cargo á partida 2410.4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o

destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- 1.- A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
- 2.- En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
- 3.- A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

**Oitavo.-** Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

1. Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
2. Tres vocais:
  - e) Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
  - f) Dous membros da Xunta directiva da entidade Asociación de Jovenes Empresarios de Galicia (AJE Galicia).

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:



- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar a selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

**Noveno.-** A beneficiaria, no prazo de tres (3) meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

**Décimo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**Décimo primeiro.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de outubro de 2012 e o 31 de marzo de 2013.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

**Décimo sexto.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

**Décimo sétimo.-** A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente

pola Asociación de Jovenes Empresarios de Galicia (AJE Galicia) no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

**Décimo oitava.**-A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2012.

**11(1278).- AUTORIZACIÓN PARA O ENCARGO DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO. FASE II, SEN IMPORTE ADICIONAL. EXPTE. 2234/443.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Fomento, do 8.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorización para encargar a redacción dun proxecto que baixo a denominación de **MODIFICADO Nº 1 DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO. FASE II**”, **SEN IMPORTE ADICIONAL**, que recolla as modificacións necesarias para levar a cabo a obra, non significando incremento algún no orzamento da obra.

2.- Aprobar unha moratoria ao prazo de execución da obra dende a data na que o órgano de contratación adopte o presente acordo ata a data na que finalmente o mesmo aprobe o modificado nº 1 das obras de referencia.

**12(1279).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “FEDERACIÓN PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO”. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 5760/320.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Atención e Participación Cidadá, do 14.09.2012, conformado polo xefe do servizo e polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 26.09.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 4.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890001, denominada “*Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2012.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" (CIF.- G-36704666), cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade para o ano 2012, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos derivados da súa organización, promoción e execución e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONDECER** á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quinze mil euros).

**TERCEIRO. - NOTIFICAR** o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

#### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO" PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O ANO 2012**

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil doce

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Balbino Moreira Vállez, con DNI 36004893-A, en calidade de Presidente da "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" (CIF : G-36704666), con domicilio social na rúa Praza de Galegos Ilustres de Vigo, nº 2, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte: 5760/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

#### **MANIFESTAN**

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como

sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao aociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Qua a entidade “*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*”, de conformidade co art. 2 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins, todos eles de interese para a cidadanía viguesa:

- A estimulación e o desenvolvemento do deporte
- O fomento e a estimulación da cultura e o arte
- A organización e desenvolvemento de eventos recreativos
- O apoio a iniciativas realizadas en prol do desenvolvemento cultural de Vigo

III.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a “*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 143/90.

IV.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a “*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*” leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias planificadas para o ano 2012, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos derivados da organización, fomento e execución das mesmas.

V.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal (2012), a partida orzamentaria nº 9240.4890001, denominada “*Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo*”, nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 15.000 €.

VI.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuir aos gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola federación para 2012, cuxa contía, segundo proxecto de actividades e orzamento, achegados pola entidade, ascende a:

ÁREAS	CONCEPTO	ORZAMENTO	CONTÍA SOLICITADA
Organización	Xestión e administracións - Local Social - Consumibles - Administracións - Subministros	7.500,00 €	6.500,00 €
Promoción	Edición da “ Revista Anuario”	2.000,00 €	1.500,00 €
Convivencia	Festa das Peñas Cea Irmandade	5.000,00 €	4.000,00 €

Social	XXVIII Trofeo Cidade de Vigo de Xogos de Mesa	3.500,00 €	4.000,00 €
TOTALS		18.000,00 €	<b>15.000,00 €</b>

VII.- Que a entidade "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*" non está incurso en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que incorporadas ao expediente.

VIII.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

#### PACTOS

**Primeiro.-** A entidade "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*" comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a organización, promoción, fomento e execución das actividades obxecto do presente convenio.
2. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas de inicio das actividades, e programación para desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicarlle calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
3. Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros na súa condición de usuario da propiedade municipal e tendo en conta ó Concello como un dos asegurados. Asemade esta incluirá a responsabilidade civil locativa que ampare calquera dano que poida ocasionar ó local polos actos u omisións de carácter negligente co límite de indemnización mínima fixado no acordo de cesión do Pleno do Concello de Vigo, e en todo caso a falta deste acordo polo importe mínimo de 300.506 € .
4. Editar o material gráfico da programación das actividades sociais que figuran no convenio e a súa distribución no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo como patrocinador das actividades, sendo esta cuestión extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
5. A revista "Anuario" reservará dúas páxinas para os saúdas do/da alcalde/alcaldesa e do/da concelleiro/a de Participación Cidadá, figurando na contraportada do libro o texto "Patrocinado polo Concello de Vigo -Concellaría de Participación Cidadá-" co seu logotipo oficial. As páxinas para espazos publicitarios incluíranse no interior do libro e limitaranse a un máximo de 16. Na memoria final deberán indicarse os importes dos patrocinios publicitarios inseridos na revista.
6. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no

servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.

7. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

8. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

9. As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.

10. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, as memorias parciais e/ou final xunto as correspondentes memorias económicas, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual, e inventario actualizado das dotacións e instalacións, deixando constancia do estado de conservación das mesmas.

11. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

12. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

13. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Segundo.**- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*" unha subvención por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890001, denominada "*Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo*" do vixente orzamento municipal (2012), co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados organización, promoción, execución e, en definitiva, fomento das actividades sociocomunitarias programadas pola entidade para o ano 2012.

2. Respetar a estrutura organizativa da "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*" e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou disfrute da subvención e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

**Terceiro.-** En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

**Sexto.-** A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

**Sétimo.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

Será requisito necesario que a entidade acredite non estar incurso en ningún dos supostos do art. 31.6 LSG.

De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Federación de Peñas Recreativas El Olivo.



**Oitavo.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. Tendo en conta que o obxecto do convenio é o financiamento de actividades de carácter anual e para facilitar a execución dos programas proxectados, estimase pertinente levar a cabo o abono da subvención mediante pagamentos a conta que se aboaran por contía equivalente á xustificación presentada.

A xustificación das entregas a conta realizarase pola “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” mediante a presentación das correspondentes contas xustificativas parciais das actividades realizadas ata ese momento.

A última memoria parcial, coa súa correspondente conta xustificativa, presentarase no prazo máximo de UN MES desde a finalización do convenio e deberá incluír a memoria final relativa ao cumprimento total das actividades obxecto de convenio.

As contas xustificativas da subvención outorgada conterán a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
2. Datos e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. Rexistro fotográfico e/ou audiovisual.

c) Unha memoria económica, xustificativa do custe das actividades subvencionadas, segundo orzamento que serviu de base para a concesión da subvención, encabezada por unha relación numerada e correlativa dos gastos efectuados, con identificación do acredor (nome e CIF), obxecto do gasto, nº e data do documento xustificativo, importe e, no seu caso, data de pago, IVE/IRPF e importe total. Achegarase en folia aparte, indicación dos gastos efectuados por cada programa enmarcado dentro de cada área subvencionada. Deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se faerá constar a subvención

para cuxa xustificación foron presentados, e o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención.

- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa.
- os gastos realizados acreditaranse mediante documentos que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura, de ser o caso, serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (RD 1496/03), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de retención e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente (para o caso das contas xustificativas parciais), Modelo 190, de retencións e ingresos a conta do IRPF, que inclúe resumen anual e relación de perceptores (que acompañará a conta xustificativa final), coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e recibos de liquidación de á Seguridade Social acompañados dos correspondentes comprobantes de pago.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- cando se xustifiquen gastos de persoal, fotocopia do contrato de traballo
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE.
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
- cando se xustificuen gastos de aluguer, Modelo 115 de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañada das correspondentes fotocopias de resolución de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen viventes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non deducción do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducirlo.

h) no caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG

i) copias dos seguros de responsabilidade civil.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5020 01 3040023621 (Novagalicia Banco)

**Noveno.**- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Décimo.**- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen ao longo do ano 2012.

No suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

**Décimo primeiro.**- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo segundo.**- A entidade beneficiaria deberá facilitar a programación trimestral de actividades con indicación como mínimo da denominación da actividade, datas e horario, e emprazamento da actividade, así como, toda a información que lle sexa requirida pola

Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo terceiro.**- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.**- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo quinto.**- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

**Décimo sexto.**- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo sétimo.**- A vixencia deste convenio é do 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2012, sen perxuízo do disposto para o prazo de xustificación.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2012.

**13(1280).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “MANCOMUNIDADE DE PROPIETARIOS DOS EDIFICIOS DA COUZADA COMPRENDIDA ENTRE AS RÚAS BARCELONA, REGUEIRO, ZARAGOZA E SALAMANCA”. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 5749/320.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Atención e Participación Cidadá, do 13.09.2012, conformado polo xefe do servizo e polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 25.09.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 4.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 60.000 € (sesenta mil euros), con cargo á partida presupostaria nominativa nº 9240 7800011, denominada “*Convenio Mancomunidade de Propietarios obras cuarteirón rúas Barcelona, Regueiro, Zaragoza e Salamanca*”, incluída no vixente orzamento municipal (2012) por expediente de modificación de crédito por xeración M.C 36/12.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o “*Mancomunidade de Propietarios dos edificios da couzada comprendida entre as rúas Barcelona, Regueiro, Zaragoza e Salamanca*” (CIF: H-36973980), cuxo obxecto é a subvención das obras de cambio de pavimento e remodelación do acceso do patio de couzada situado entre as rúas Barcelona, Regueiro, Zaragoza e Salamanca, a fin de humanizar o espacio acorde co entorno e eliminar barreiras arquitectónicas, para tránsito, uso e disfrute da cidadanía en xeral e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONDECER** á referida entidade, unha subvención de 60.000 € (sesenta mil euros).

**TERCEIRO. - NOTIFICAR** o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “MANCOMUNIDADE DE PROPIETARIOS DOS EDIFICIOS DA COUZADA COMPRENDIDA ENTRE AS RÚAS BARCELONA, REGUEIRO, ZARAGOZA E SALAMANCA”, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REFORMA E REMODELACIÓN DO ACCESO DO PATIO DE COUZADA DELIMITADA POLAS MESMAS**

Na Casa do Concello de Vigo, ----- dous mil doce

## REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.

Doutra, Don José Antonio Docampo Mariño, provisto de D.N.I. 35969597-N, actuando, en calidade de presidente, en representación do “*Mancomunidad de Propietarios dos edificios da couzada comprendida entre as Rúas Barcelona, Regueiro, Zaragoza e Salamanca*” (CIF:H-36973980), con enderezo social en Vigo, na Ag. 1 Traviesas (Banco Pastor).

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e recoñecéndose mutuamente a capacidade legal suficiente, que din non ter limitada, para o outorgamento do presente Convenio,

## MANIFESTAN

I.- Que a entidade “*Mancomunidad de Propietarios de edificios comprendida entre las calles Barcelona, Regueiro, Zaragoza e Salamanca*”, segundo art. 2 dos seus estatutos de réxime interno, elevados a documento público e protocolizados ante Notario con data dezasete de marzo de dous mil seis, ten por obxecto “*xestionar a entidade legalmente constituída, tipo Mancomunidad, para a xestión e adopción de decisións en relación a propiedade común*”, constituída por un patio de couzada ou rúa peonil de 126 metros de lonxitude, que ten acceso a nivel de beirarrúa dende a Rúa Regueiro e a Rúa Salamanca (a través de escaleiras e rampla), e que ocupa unha superficie de 1.700 m<sup>2</sup>.

Esta Mancomunidad está integrada polas comunidades de propietarios das fincas (vivendas, locais comerciais, garaxes e trasteiros) dos edificios situados nas Rúas Regueiro 7, Barcelona 76, 78, 80, 82, 84 e 86, Salamanca 8, Zaragoza 51, 53, 55, 57, 59 e 61.

Os seus Estatutos autorizan á entidade a tratar sobre a problemática da couzada interior, no referente á limpeza, adecentamento, alumeado, reparacións, compromisos, relación e negociación con entidades e organismos públicos, así como, calquera outra cuestión que lle poida afectar á couzada a nivel comunitario como tráfico, beirarrúas e a súa humanización, rúidos, canalizacións de servizos, cuxa intervención sexa acordada por maioría.

II.- Que a Xunta Xeral da Mancomunidad, de data 21/02/11, aprobou, por unanimidade dos representantes das comunidades de propietarios que a integran, a realización das obras de rehabilitación do patio de couzada interior da súa propiedade, co fin de convertelo nun espazo humanizado e mais accesible, eliminando as barreiras arquitectónicas (escaleiras, beirarrúas, recollida augas pluviais...), mellorando o seu aspecto xeral, acorde coas humanización levadas a cabo nas rúas do contorno, así como, achegando a arte á rúa, mediante murais de calidade nas fachadas dos edificios, para uso e disfrute de toda a cidadanía viguesa, e contribuíndo significativamente a desconxestionar o tráfico de persoas das rúas adxacentes, densamente poboadas e transitadas pola súa proximidade ao centro médico POVISA.

III.- Que o Concello de Vigo, a través da subvención das obras, xa executadas, de cambio de pavimento e remodelación do acceso ao patio de couzada situado entre as Rúas Barcelona, Regueiro, Zaragoza e Salamanca, continúa no seu compromiso de garantir a participación da cidadanía na vida local, coa finalidade de colaborar coa poboación na proposta e detección de solucións ás diferentes problemáticas sociais e urbanas, e na dinamización da cidadanía e mellora da súa calidade de vida, establecendo canles de cooperación co Concello na busca do progreso socioeconómico da cidade, a través de proxectos amplos que conxuguen as vontades individuais co servizo á comunidade.

IV.- Que, de conformidade co artigo 22.2.a) e c) da Lei, 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS, en adiante) na subvención a outorgar concorren circunstancias que motivan a innecesariedade da súa convocatoria pública e que xustifican a súa concesión directa:

7. No vixente orzamento do Concello de Vigo (2012), consta a partida orzamentaria nominativa nº 9240 7800011, denominada “*Convenio Mancomunidade de Propietarios obras cuarteirón rúas Barcelona, Regueiro, Zaragoza e Salamanca*”, cunha dotación de 60.000 € (sesenta mil euros).

8. Están presentes singulares circunstancias de interese público, social, económico, comunitario, xa que se trata dunha obra que reviste interese social e utilidade pública, por canto, satisface unha necesidade xeralmente sentida e busca maximizar o benestar xeral, proporcionando un servizo que complementa os atribuídos á competencia local.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto no art. 26.1 da Lei 9/07, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia (LSG, en adiante), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente e que o mesmo ten o carácter de bases reguladoras da subvención, os que interveñen, conclúen o presente ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o financiamento das obras de cambio de pavimento e remodelación do acceso do patio de couzada situado entre as rúas Barcelona, Regueiro, Zaragoza e Salamanca, executada no ano que andamos, cuxo orzamento, segundo proxecto redactado polo arquitecto D. Ramón Viéitez Rodríguez, e visado con data 29/03/11, se detalla a seguir:

	<b>CAPÍTULOS</b>	<b>EUROS</b>
1	DEMOLICIÓN	43.246,06 €
2	ALBANELERÍA	94.023,64 €
3	SOLADOS ALICATADOS E CHAPADOS	98.286,69 €
4	CARPINTERÍA METÁLICA	5.508,00 €
5	ELECTRICIDADE E ILUMINACIÓN	810,00 €
6	VARIOS	2.320,00 €
7	RESIDUOS	1.400,00 €
	<b>TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL</b>	<b>245.594,39 €</b>
	<b>8% IVE</b>	19.647,55 €
	<b>TOTAL PRESUPOSTO DE CONTRATA</b>	<b>265.241,94 €</b>
	<b>TOTAL PRESUPOSTO XERAL</b>	<b>265.241,94 €</b>

VI.- Que a entidade “*Mancomunidade de Propietarios dos edificios da couzada comprendida entre as Rúas Barcelona, Regueiro, Zaragoza e Salamanca*”, non está incurso en ningunha das prohibicións ou circunstancias contempladas no artigo 13 da LXS para ser beneficiaria da subvención obxecto do presente convenio, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local e fronte a Seguridade Social, nin é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporados ao expediente.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico, participativo, comunitario etc., que para a cidade de Vigo representan as obras realizadas, por

canto o espazo humanizado vai ter un uso e disfrute público, o Concello de Vigo e a referida entidade conveñen a mutua colaboración no ámbito de prestación de servizos de competencia local e de participación cidadá, e a concesión da subvención de conformidade cos seguintes:

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade comprométese a colaborar co Concello de Vigo, en xeral, e coa Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en particular, en canto a execución e seguimento das obras executadas, concretamente, a:

- 1- Asumir o cumprimento das accións obxecto do presente convenio e adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención
- 2- Permitir o acceso, tránsito, uso e disfrute público do espazo cuxas obras se subvencionan, durante un período mínimo de cincuenta anos, dentro do respecto ás normas xerais de convivencia e civismo, salubridade, seguridade, hixiene, ornato do entorno urbano, a correcta utilización do espazo e elementos que o integran conforme a súa natureza e destino, de xeito que non se perturbe ou lesione a convivencia cidadá.
- 3- Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, a realización do proxecto e a finalidade que determinan a concesión ou disfrute da subvención.
- 4- Someterse as actuacións de comprobación ou control financeiro que, en calquera momento, poida levar a cabo a administración concedente, estando obrigada a facilitar canta información e documentación se lle requira ao efecto.
- 5- Comunicar ao órgano concedente, con anterioridade á xustificación da subvención, a obtención doutras axudas, ingresos ou recursos que financien o proxecto subvencionado, procedentes de calquera entidade pública ou privada, nacional ou internacional.
- 6- Acreditar, con motivo da xustificación dos fondos recibidos, que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte as administracións estatal, autonómica e local e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro.
- 7- Dar adecuada publicidade do carácter público do financiamento das obras mediante a colocación, en lugar preferente, dun cartel publicitario, no idioma galego, no que deberá figurar o logotipo oficial do Concello de Vigo, segundo o modelo que estará á disposición da entidade no departamento de Participación Cidadá, previa aprobación polo servizo
- 8- Acreditar que as obras se executaron de conformidade co proxecto que serviu de base para o outorgamento da licenza.
- 9- Acreditar ter aboado as taxas, impostos e demais gastos derivados da execución das accións conveniadas.
- 10- Acreditar a contratación dun seguro de responsabilidade civil xeral, que inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.
- 12- Os gastos de conservación, mantemento e sostemento de instalacións, mobiliario e servizos xerados polo espazo cuxas obras se subvencionan, corresponden, en exclusiva, á propiedade.



13- En xeral, cumprir con todas as obrigas que o art. 14 da LXS e demais normativa reguladora establece para as entidades beneficiarias.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade "*Mancomunidade de Propietarios dos edificios da couzada comprendida entre as Rúas Barcelona, Regueiro, Zaragoza e Salamanca*", unha subvención por importe de 60.000 € (sesenta mil euros) co obxecto de colaborar ao financiamento das obras, xa executadas, de cambio de pavimento e remodelación do acceso do patio de couzada situado entre as rúas Barcelona, Regueiro, Zaragoza e Salamanca, a fin de humanizar o espazo acorde co contorno e eliminar barreiras arquitectónicas, mellorando a calidade de vida dos cidadáns e facilitando o tránsito e o uso e disfrute, non só aos veciños da mancomunidade, titulares do inmovible, senón do público en xeral.

Pola súa parte, o Concello estará facultado para:

1- Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento, por parte da entidade, das accións conveniadas, así como a adecuación do gasto subvencionado ao valor de mercado.

2- Comprobar a adecuada xustificación da subvención e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou o disfrute da subvención.

3- Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora cando proceda segundo o art. 37 da LXS

4- Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

**Terceiro.-** En virtude da habilitación contida no art. 19 LXS esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, de acordo co art. 19.3 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS, en adelante), o importe total da/s subvención/s non poderá superar o da actividade subvencionada, noutro caso, procederase na forma prevista nos artigos 37.2 da mesma e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS, en adelante).

**Cuarto.-** O Concello de Vigo, concederá á "*Mancomunidade de Propietarios dos edificios da couzada comprendida entre as Rúas Barcelona, Regueiro, Zaragoza e Salamanca*" unha axuda económica de 60.000 € (sesenta mil euros) con cargo á partida 9240.7800001 denominada "*Convenio Mancomunidade de Propietarios obras cuarteirón rúas Barcelona, Regueiro, Zaragoza e Salamanca*", do vixente orzamento municipal (2012- expte. 5768/320), que se destinará a subvencionar as obras de cambio de pavimento e remodelación do acceso do patio de couzada situado entre as rúas Barcelona, Regueiro, Zaragoza e Salamanca, executadas no

an en curso. Esta cantidade aboaráselle á entidade mediante transferencia bancaria á conta corrente número 0072 0410 20 0000132989.

**Quinto.-** Se, á vista da documentación achegada para a xustificación da axuda, resultase que o custe total das obras de reforma que se subvencionan, resultase ser menor que o orzamento achegado, que serviu de base para establecer a contía da subvención, ou se se reduciran na execución do proxecto subvencionado as actuacións ou elementos previstos inicialmente, procederá a redución da axuda na mesma proporción.

**Sexto.-** Conforme ao art. 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación desta subvención no diario oficial correspondente, por canto se trata dunha axuda pública que ten asignación nominativa no orzamento municipal vixente (2012).

**Sétimo.- Prazo e forma de xustificación:**

Seguindo o disposto no art. 31.5 da Lei 9/07, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG, en adelante), o pagamento da subvención realizarase logo da xustificación polo beneficiario da realización do proxecto.

O prazo para a xustificación da presente subvención será de UN MES a contar dende o día seguinte á sinatura do Convenio, que se computará de conformidade co establecido no art. 48 da Lei 30/92, de RXAP e PAC.

O aboamento da subvención levarase a cabo mediante un único pagamento a conta.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

Documentalmente, a conta xustificativa estará integrada por:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das obras realizadas e dos resultados obtidos, que incluírá rexistro fotográfico ou audiovisual e, no seu caso, memoria de prensa.

b) Memoria económica xustificativa do custe das obras realizadas, que conterá:

1- relación numerada e correlativa de gastos da obra xustificada, facturados dentro do ano de vixencia do convenio (2012), identificando o nº de documento, emisor, CIF/NIF, concepto, data de emisión, importe base, IVE/IRPF (no seu caso) e importe total, tendo en conta que deben xustificarse, como mínimo, gastos por importe igual ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.

2- facturas orixinais e válidas no tráfico xurídico, co contido sinalado no art. 6 do *RD 1496/03, de 28 de novembro, pola que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación e se modifica o Regulamento do Imposto sobre o Valor Engadido*, como mínimo polo importe da subvención concedida, acompañadas das correspondentes acreditacións de pago, ben mediante certificación de pago ao contado, asinada e selada polo expedicionario, ou ben, mediante transferencia bancaria que deberá indicar o concepto e contía exacta da cantidade aboada. En ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos, albaráns e/ou tiques de caixa.

Os documentos xustificativos orixinais poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un sistema de validación e estampillado de xustificantes de gasto existente ao efecto, no que se indica a subvención para cuxa xustificación se presentaron e se o importe do xustificante se imputou, total ou parcialmente, á subvención, así como a contía exacta que resulta afectada pola mesma. En todo caso, a beneficiaria ten dereito a obter copia sellada dos documentos que presenten, aportándoos cos orixinais e á devolución destes, nos termos do art. 35.c) da Lei 30/92 de RXAP e PAC.

c) de conformidade co art. 31.7 da LSG e Base 38<sup>a</sup>.9 das BEP, en cumprimento do regulamentado no art. 14 da LXS, a beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

d) relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia (art. 30.4 LXS) ou, no seu caso, declaración responsable da entidade de non ter recibido outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, que financien as obras subvencionadas, procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais. No caso de

e) declaración responsable do perceptor acreditativa dos seguintes extremos:

–que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron ao proxecto subvencionado

–que os gastos foron aboados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan

–cando de xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como, que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

–no seu caso, cartas de pago de reintegro que proceda nos supostos de remanente non aplicados, excesos obtidos sobre o custe do proxecto e o interese de demora correspondente (arts. 37.3 da LXS e 34 do RLXS, en relación co art. 19.3 da LXS)

– no seu caso, que a beneficiaria non deduce o IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola mesma

f) certificación das obras realizadas expedida polo técnico director conforme as mesmas se axustan ao proxecto e anexos presentados e que serviron de fundamento para a autorización das obras.

g) acreditar ter aboadado as taxas, impostos e demais gastos derivados da execución das accións conveniadas.

h) achegar a correspondente licenza municipal de obras.

i) seguro de responsabilidade civil que responda de posibles danos da entidade a terceiros con motivo da execución das obras.

j) no seu caso, Modelo 111, de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, ou Modelo 190, de resumen anual e relación de perceptores.

k) acreditación da difusión pública da colaboración do Concello de Vigo no financiamento das obras obxecto do presente convenio.

De non xustificar a subvención na forma e prazo establecido ou no caso de xustificación insuficiente, o beneficiario perderá o dereito sobre a mesma, tal como dispón o art. 31.5 da LSG e Base 38ª.8 das BEP.

**Oitavo.-** Será requisito imprescindible a comprobación material do investimento polo órgano concedente. Non se aboarán as facturas sen o visto e prace do arquitecto municipal, polo que, as que se acheguen, deben ser conformes co orzamento de execución material de obras previsto no proxecto e anexos que serviron de base para o outorgamento da licenza.

**Noveno.-** Son gastos subvencionables, segundo o art. 31 da LXS, os que de maneira indubitada responden á natureza do proxecto subvencionado, que resultasen estritamente necesarios e que se realizasen no ano 2012.

Non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE

**Décimo.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e/ou Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo primeiro.-** En caso de incumprimento dos compromisos asumidos e demais previstos no art. 37.1 da LXS, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora correspondente, dende o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actuación subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto e orzamento achegados, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo do proxecto subvencionado.

**Décimo segundo.-** En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia, e o RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que aprobou o Regulamento de Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo terceiro.-** Os seus datos da entidade e do/s seu/s representante/s serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, de cara a conclusión do proceso subvencional, polo que, a súa achega resulta obrigatoria.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

**Décimo cuarto.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse polos seus pactos, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2012, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo quinto.-** O presente convenio ten vixencia anual, incluíndo os gastos realizados e facturados pola entidade beneficiaria na execución das obras en cuxo financiamento colabora o Concello de Vigo, entre o 01/01/12 e o 31/12/12.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ----- de 2012

**14(1281).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS CULTURAIIS”. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 5742/320.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Atención e Participación Cidadá, do 6.09.2012, conformado polo xefe do servizo e polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 11.09.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 5.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 3.200 € (tres mil douscentos euros), con cargo á partida presupostaria 9240 4890000, denominada “Subvencións a entidades cidadás e sindicatos” incluída no vixente orzamento municipal de 2012, a favor da entidade “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais”.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais” (CIF.- G-36791291), cuxo obxecto é axudar ao financiamento dos gastos derivados da celebración da “Festa da Cultura 2012” e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONDECER** á referida entidade, unha subvención de 3.200 € (tres mil douscentos euros).

**TERCEIRO. - NOTIFICAR** o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o

órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS DE VIGO PARA AXUDAR A FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA CELEBRACIÓN DA “FESTA DA CULTURA 2012”**

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil doce

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Roberto Giraldez Barbeitos, con DNI 76911826-X, en calidade de Presidente da Agrupación de Centros Culturais e Deportivos de Vigo (CIF.- G-36791291) con domicilio social na Rúa Ecuador, nº 34- baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación da secretaria da entidade incorporada ao expediente núm. 5742/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

### **MANIFESTAN**

I- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

Dentro do tecido social dos barrios e parroquias que conforman a nosa cidade debemos destacar a importante implantación do movemento asociativo, e en particular a labor de entidades tan significativas como a “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais”, a cal ven colaborando ao longo do tempo co Concello de Vigo no desenvolvemento de diferentes programas de interese xeral a través da firma de convenios conxuntos, nos que se desenvolven todas estas actuacións.

Un aspecto fundamental para asegurar o desenvolvemento e permanencia desta entidade radica no fomento das súas actividades como soporte para a posta en marcha de programas de carácter sociocomunitario en beneficio de toda a veciñanza viguesa.

II- Que, de conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 386/95.

III.- Que a entidade “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo”, conforme ao establecido no art. 5 dos seus Estatutos asume, entre outros fins:

- Representar ante os organismos competentes ás persoas físicas ou xurídicas, no eido da cultura, deporte ou actividades lúdicas ou recreativas, así como, os intereses das entidades asociadas
- Xestionar e acadar dos organismos competentes as axudas necesarias para que cada entidade leve a cabo os seus fins: actividades, actos ou manifestacións culturais, deportivas e cultural-recreativas con ampla demanda social.
- Propor á administración a colaboración nos ámbitos cultural, deportivo e recreativo, mediante a suscripción de acordos, convenios...
- Fomentar a interrelación entre os asociados

IV.- Que a “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo” celebrou, na Porta do Sol, os días 7 e 8 de xullo de 2012, sábado e domingo, respectivamente, a “Festa da Cultura 2012”, cuxo obxectivo foi achegar a cultura á veciñanza, creando un espazo aberto, público e gratuíto onde amosar e disfrutar das propostas musicais dos grupos de folclore e centros culturais da nosa cidade, incorporando, así mesmo, un “serán popular” que permitiu a libre intervención de grupos musicais de toda a provincia de Pontevedra. O acto clausurouse cun concerto en directo da orquesta folk viguesa “Son de Seu”.

V.- Que, coa súa contribución ao financiamento dos gastos de celebración da “Festa da Cultura 2012”, que constitúe o obxecto do presente convenio, o Concello de Vigo continúa no seu compromiso, non só de garantir a participación da cidadanía na vida local senón tamén de promovela activamente, mediante o fomento do asociacionismo, en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, deportivas, sociais, culturais, etc., todo iso, optando dunha maneira decidida pola democracia participativa como complemento e profundizar na democracia representativa. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter de sociocomunitario que redundan no beneficio da cidade, na dinamización da cidadanía e nas melloras da súa calidade de vida, proxectos que conxugan as vontades individuais co servizo á comunidade.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no capítulo IV do vixente orzamento de gastos (“transferencias corrientes”), a partida orzamentaria nº 9240 4890000, denominada “Subvencións a entidades cidadás e sindicatos”.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 22.2.c) da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), con carácter excepcional, poden concederse subvencións directas cando se acrediten razóns de interés público, social, económico e humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e que, segundo o art. 26.1 la Lei 9/07, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, esta concesión directa canalízase a través de convenios, os intervinientes, conclúen o presente convenio co fin

de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuir ao financiamento dos gastos efectuados pola “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais” con motivo da celebración da “Festa da cultura 2012”, segundo proxecto e orzamento achegado pola entidade e que se reflicten a seguir:

<b>GASTOS “FESTA DA CULTURA 2012”</b>		
SON E LUZ		2.000,00 €
EXPOSICION ENTIDADES		2.000,00 €
PUBLICIDADE/PROMOCIÓN	CARTELERÍA	300,00 €
	CUÑAS DE RADIO	300,00 €
ACTUACIÓNS		2.000,00 €
GASTOS CONCERTOS		900,00 €
OUTROS GASTOS	ÁGAPE CONFRATERNIDADE	2.000,00 €
	CARPA COMIDA	1.000,00 €
	FOTÓGRAFO	500,00 €
	VARIOS	1.000,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>12.000,00 €</b>

VIII.- Que a entidade “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo”, non está incurso en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que incorporadas ao expediente.

IX.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

#### PACTOS

**Primeiro.**- A entidade “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo” comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, nos seguintes termos:

1. Acreditar o cumprimento das accións obxecto do presente convenio e adopción do comportamento que fundamentou a concesión desta subvención.
2. Dispor dos permisos e autorizacións que foron necesarios para o desenvolvemento da actividade.
3. Acreditar que se aboaron as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución da actividade conveniada.



4. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, a realización do proxecto e da finalidade que determinou a concesión ou disfrute da subvención.
5. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que, en calquera momento, poida levar a cabo a administración concedente, estando obrigada a facilitar tanta información e documentación se le requira ao efecto.
6. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras axudas, ingresos ou recursos que financiaron o proxecto executado subvencionado, acompañando a correspondente fotocopia compulsada da resolución de concesión.
7. Acreditar, no momento de xustificación dos fondos recibidos, que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ser debederoa por resolución de procedencia de reintegro.
8. Acreditar que se lle deu a adecuada publicidade do carácter público do cofinanciamento da actividade subvencionada, mediante a colocación de cartel publicitario en galego, no que figure o logotipo oficial do Concello de Vigo como colaborador no financiamento da actividade.
9. En xeral, cumprir con todas as obrigas que o art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais normativa reguladora establece para os beneficiarios.

**Segundo.**- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- 1- Respetar a estrutura organizativa da “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais”.
- 2- Conceder directamente á entidade “*Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo*” unha subvención por importe de 3.200 €, con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890000, denominada “Subvencións a entidades cidadás e sindicatos” do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da celebración da “Festa da Cultura 2012”.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

- 1- Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento, por parte da asociación, das accións conveniadas, así como a adecuación do gasto subvencionado ao valor de mercado.
- 2- Comprobar a adecuada xustificación da subvención, a correcta execución e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou o disfrute da subvención
- 3- Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora cando proceda, segundo o art. 37 da LXS
- 4- Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora

**Terceiro.**- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con motivo da presentación da xustificación da subvención outorgada. Deberá achegarse fotocopia compulsada da/s resolución/s de concesión correspondente/s.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución da actividade que constitúe o obxecto do convenio. De conformidade co artigo 29 LXS, queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade para a realización por sí mesma da actividade subvencionada. En ningún caso, se poderán contratar actividades que, aumentando o custe da actividade subvencionada, non aporte valor engadido ao contido da mesma.

**Sexto.-** De conformidade co art. 18.4 da LXS, a entidade beneficiaria debe acreditar a adecuada publicidade do financiamento municipal no "Festa da Cultura 2012", mediante a presentación do material divulgativo editado ou a achega de material fotográfico ou audiovisual das actividades levadas a cabo con motivo do cumprimento do obxecto do convenio, onde figure visible o logotipo oficial da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

**Sétimo.-** A presente subvención será obxecto de publicación no BOP nos termos do art. 18 da LXS.

**Oitavo.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique o cumprimento do obxecto do convenio. A tal efecto, a entidade beneficiaria entregará, no prazo máximo de un mes, a contar dende o día seguinte á sinatura do presente convenio, unha conta xustificativa final.

A conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:

1º.- Solicitude de abono da subvención.

2º.-Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

- 1.-Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
- 2.-Datas, horario e lugar de prestación do servizo
- 3.-Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.

4.-Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.

5.-Actuacións realizadas.

6.-Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

7.-Memoria de prensa e comunicación.

8.-Rexistro fotográfico e audiovisual.

c) Unha memoria económica, xustificativa dos custes salariais subvencionados, segundo orzamento que serviu de base para a concesión da subvención, encabezada por unha relación numerada e correlativa dos gastos efectuados, con identificación do acredor (nome e CIF), obxecto do gasto, nº e data do documento xustificativo, importe e, no seu caso, data de pago, IVE/IRPF e importe total. Deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada.

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se faerá constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, e o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención.

- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa.

- os gastos realizados acreditaranse mediante documentos que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.

- os elementos que deberán incluírse nunha factura, de ser o caso, serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (RD 1496/03), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.

- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de retención e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente (para o caso das contas xustificativas parciais), Modelo 190, de retencións e ingresos a conta do IRPF, que inclúe resumen anual e relación de perceptores (que acompañará a conta xustificativa final), coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e recibos de liquidación de á Seguridade Social acompañados dos correspondentes comprobantes de pago.

- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas ou nóminas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañada da/s correspondente/s resolución/s de concesión, ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.

- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducirlo.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2100 5912 48 0200021010.

**Noveno.**- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Décimo.**- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realizasen con motivo da "Festa da Cultura 2012".

No suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, a entidade beneficiaria deberá acreditar que se solicitou, como mínimo, tres ofertas a diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non existise no mercado suficiente número de entidades que o subministrasen ou prestasen.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección se non recaese na proposta económica máis vantaxosa.

**Décimo primeiro.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo da Concellaría Emprego e Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo segunda.-** A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo terceiro.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo quinto.-** A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

**Décimo sexto.**- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo sétimo.**- O convenio terá vixencia ata que se faga efectivo o aboamento da subvención, previa xustificación, ou, no seu caso, polo transcurso do prazo dun mes establecido para a xustificación sen que esta se producise. En todo caso, a súa vixencia expirará o 31 de decembro de 2012.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2012.

#### **15(1282).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN COLECTIVO VECIÑAL DE SAN GREGORIO". AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 5761/320.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Atención e Participación Cidadá, do 14.09.2012, conformado polo xefe do servizo e polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 26.09.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 8.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 2.885 € (dous mil oitocento oitenta e cinco euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890010 denominada "*Convenio Asociación veciños Curva de San Gregorio*", incluída no vixente orzamento municipal de 2012.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio" (CIF.- G-36972024), cuxo obxecto é o fomento dos cursos de iniciación de informática para maiores, no ámbito das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) programadas pola entidade para o ano 2012, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONDECER** á referida entidade, unha subvención de 2.885 € (dous mil oitocento oitenta e cinco euros).

**TERCEIRO. - NOTIFICAR** o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os

Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN COLECTIVO VECIÑAL CURVA DE SAN GREGORIO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO NECESARIOS PARA A ORZANIZACIÓN E IMPARTICIÓN DE CURSOS DE INICIACIÓN DE INFORMÁTICA PARA MAIORES (TIC) PARA AÑO 2012**

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil doce

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Alexandre Bermúdez Iglesias, con DNI 36014708-C, en calidade de Presidente da “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio” (CIF : G-36972024), con domicilio social na Rúa Tomás A. Alonso, nº 185- 6º G, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 5761/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

**MANIFESTAN**

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao aociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Qua a entidade “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio”, de conformidade co art. 5 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa:

- defensa dos intereses do veciños
- organización de actividades socioculturais
- mellora dos servizos
- mellora da calidade de vida da zona

III.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 1079/09.

IV.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio” leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias planificadas para o ano 2012, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento derivados da organización, fomento e execución das mesmas.

V.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal (2012), a partida orzamentaria nº 9240.4890010, denominada “Convenio Asociación Veciños Curva de San Gregorio”, nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 2.885 €.

VI.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuir aos gastos de mantemento da asociación necesarios organizar e levar a cabo cursos de iniciación de informática para maiores, no ámbito das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC), programados para o ano 2012, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos, e o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO	
Aluguer local	3.396,00 €
Luz	365,00 €
Telefonía, conexión internet...	465,00 €
Seguro	380,00 €
Limpeza	185,00 €
Cartelería, fotocopias...	170,00 €
Contratación do profesorado	750,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>5.711,00 €</b>

VII.- Que a entidade “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio” non está incursa en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a



Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e acta da xunta xeral da asociación de data 17/04/12, incorporadas ao expediente.

VIII.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

#### PACTOS

**Primeiro.-** A entidade “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio” comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a actividade que fundamenta a concesión da subvención (cursos de iniciación de informática para maiores), co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas de inicio das actividades, e programación para desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
3. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
4. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
5. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
6. As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
7. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellaría de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, as memorias parciais e final xunto as correspondentes memorias económicas, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, a balance económico anual.
8. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
9. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
10. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Segundo.**- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade “*Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio*” unha subvención por importe de 2.885 € (dous mil oitocentos oitenta e cinco euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890010, denominada “*Convenio Asociación Veciños Curva de San Gregorio*”, do vixente orzamento municipal (2012), co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento da asociación, necesarios para a organización e impartición dos cursos de iniciación de informática para maiores, programados pola entidade para o vidadano 2012, en definitiva, para o fomento das súas actividades formativas.

2. Respetar a estrutura organizativa da “*Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio* ” e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou disfrute da subvención e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

**Terceiro.**- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Cuarto.**- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

**Sexto.-** A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

**Sétimo.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

Será requisito necesario que a entidade acredite non incorrer en ningún dos supostos do art. 31.6 LSG.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio.

**Oitavo.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. Tendo en conta que o obxecto do convenio é o financiamento de actividades de carácter anual e para facilitar a execución dos programas proxectados, estimase pertinente levar a cabo o abono da subvención mediante pagamentos a conta que se aboaran por contía equivalente á xustificación presentada.

A xustificación das entregas a conta realizarase pola "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio" mediante a presentación das correspondentes contas xustificativas parciais das actividades realizadas ata ese momento.

A última memoria parcial, coa súa correspondente conta xustificativa, presentarase no prazo máximo de un UN MES desde a finalización do convenio e deberá incluír a memoria final relativa ao cumprimento total das actividades obxecto de convenio.

As contas xustificativas da subvención outorgada conterán a seguinte documentación e información:

a) Solicitud de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
2. Datos e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.

4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.

5. Actuacións realizadas.

6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.

8. Rexistro fotográfico e/ou audiovisual.

c) Unha memoria económica, xustificativa do custe das actividades subvencionadas, segundo orzamento que serviu de base para a concesión da subvención, encabezada por unha relación numerada e correlativa dos gastos efectuados, con identificación do acredor (nome e CIF), obxecto do gasto, nº e data do documento xustificativo, importe e, no seu caso, data de pago, IVE/IRPF e importe total. Achegarase en folia aparte, indicación dos gastos efectuados por cada programa enmarcado dentro de cada área subvencionada. Deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se faerá constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, e o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención.
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa.
- os gastos realizados acreditaranse mediante documentos que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura, de ser o caso, serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (RD 1496/03), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de retención e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente (para o caso das contas xustificativas parciais), Modelo 190, de retencións e ingresos a conta do IRPF, que inclúe resumen anual e relación de perceptores (que acompañará a conta xustificativa final), coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e recibos de liquidación de á Seguridade Social acompañados dos correspondentes comprobantes de pago.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- cando se xustifiquen gastos de persoal, fotocopia do contrato de traballo

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE.
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non deducción do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducirlo.

h) no caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0572 52 3040001308 (Novagalicia Banco)

**Noveno.**- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Décimo.**- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen ao longo do ano 2012.

No suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

**Décimo primeiro.**- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo segundo.**- A entidade beneficiaria deberá facilitar a programación trimestral de actividades con indicación como mínimo da denominación da actividade, datas e horario, e emprazamento da actividade, así como, toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo terceiro.**- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.**- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo quinto.**- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal,

sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

**Décimo sexto.**- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo sétimo.**- A vixencia deste convenio é do 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2012, sen perxuízo do disposto para o prazo de xustificación.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2012.

**16(1283).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVICIOS CORRESPONDENTES AOS MESES DE ABRIL-AGOSTO 2012. EXPTE. 23430/220.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 3.10.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 3.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Alcaldía (conductores)	De Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	Agosto	256,00
Extinción Incendios	De Álvarez Crespo, Camilo a Villar Domínguez, Manuel	Agosto	711,00
Policia Local (Xulgado)	De Avendaño Otero, Bienvenido a Verde Vieitez, José Manuel	Agosto	96'00
Policia Local (Horas en exceso)	De Álvarez Domínguez, María J. a Vigo Quirós, Emilio	Xuño	387'50
Limpeza	De Quintas Pérez, Manuel	Abril	20'00
Inspección Vías e Obras	De Villar Estévez, Raimundo a	Abril	79'00

	Barciela Simón, Benito		
Vías e Obras	De Alonso Cue, Miguel Angel a Rodríguez Prieto, Federico	Abril	194,00
Parque Móbil	De Alonso González, Ángel a Riveiro Rodríguez, José	Abril	114'30
Ospio	De Ferro Macho, Ángel a Romero Gil-Delgado, Loreto	Abril	60,00
Montes, Parques e Xardíns	De Casas Iglesias, Alfonso a Varela Estévez, Roberto	Abril	119'00
Conserxería	Vaqueiro Herbello, Teresa	Abril	8'00
Desinfección	De Pardellas Avión, A. Avelino a Seijas Álvarez, José Ramón	Abril	80'00

**O montante do presente expediente ascende a un total de 21.812,84 €”.**

**17(1284).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 17/08/2012 EXPTE. 23105/220. EXPTE. 23480/220.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 27.09.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 2.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

**Primeiro.-** Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o erro material detectado no acordo adoptado por esta Xunta de Goberno Local en data 17 de agosto de 2012 (expte. 23105-220), que deberá quedar redactado tal como segue:

Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño de funcións de categoría superior ao persoal relacionado no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos polas xefaturas dos servizos obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, polas cantidades que figuran na relación que se achega e que empeza por Alfonso Alonso Rodriguez e remata por Juan Zaragoza Bastos, que ascende a un total de 42.719,32 €.

Posto	N.P.	Nome	Importe a percibir
120	CAPATAZ MONTES PARQUES E XARDINS	13764 ALONSO RODRIGUEZ, ALFONSO	1.700,78 €
131	INSPECTOR CONSUMO	21670 ALVAREZ ALONSO, MANUEL	2 1.691,34 €
116	CAPATAZ VIAS E OBRAS	5747 AMOEDO MOSQUERA, JOSE LUIS	45 1.488,38 €
143	INSPECTOR AUXILIAR CONTROL CONCESIONARIO	11765 ARGIBAY BARCIELA, GONZALO	26 1.578,06 €
185	INSPECTOR AUXILIAR OBRAS	13617 BARCIELA SIMON, BENITO	1.700,78 €
142	INSPECTOR AUXILIAR SANIDADE	76431 BARREIRA PAZOS, ANTONIO	1.700,78 €
143	INSPECTOR AUXILIAR CONTROL CONCESIONARIO	15467 COBAS REY, EUGENIO	1.700,78 €



255	INSPECTOR MEDIO AMBIENTE	15556	COMESAÑA SOLLA, ANTONIO		1.700,78 €
255	INSPECTOR MEDIO AMBIENTE	15094	ESPAÑA PIÑEIRO, JOSE ANTONIO		1.700,78 €
185	INSPECTOR AUXILIAR OBRAS	11819	GOMEZ PASCUAL, JULIO	53	1.450,62 €
131	INSPECTOR CONSUMO	16432	LAGO GIRALDEZ, LUCIANO		1.700,78 €
185	INSPECTOR AUXILIAR OBRAS	17489	LOBATO CAMESELLE, RICARDO	80	1.323,18 €
255	INSPECTOR MEDIO AMBIENTE	77219	MARTINEZ GIRALDEZ, GABRIEL		1.700,78 €
116	CAPATAZ VIAS E OBRAS	13669	MARTINEZ GONZALEZ, JOSE MANUEL	8	1.663,02 €
185	INSPECTOR AUXILIAR OBRAS	17740	OUJO GERUT, JOSE VENTURA A.		1.700,78 €
117	CAPATAZ ELECTROMECHANICOS	14516	POSADA OITABEN, ANGEL		1.700,78 €
116	CAPATAZ VIAS E OBRAS	13681	RODRIGUEZ PRIETO, FEDERICO	53	1.450,62 €
143	INSPECTOR AUXILIAR CONTROL CONCESIONARIO	78929	ROMERO GIL-DELGADO, M <sup>a</sup> LORETO	51	1.460,06 €
185	INSPECTOR AUXILIAR OBRAS	10694	SALGUEIRO PIÑEIRO, BENIGNO		1.700,78 €
118	CAPATAZ DESINFECCION	16350	SEIJAS ALVAREZ, JOSE RAMON		1.700,78 €
253	CAPATAZ MANTENEMENTO CULTURA	16478	VAZQUEZ MARTINEZ, RAMON		1.700,78 €
161	INSPECTOR AUXILIAR INFRAESTRUCTURAS	13273	VAZQUEZ RIAL, RAMON		1.700,78 €
170	ENCARGADO OBRAS MEDIOAMBIENTALES	16231	VILABOA PEREZ, JOSE FERNANDO		1.700,78 €
185	INSPECTOR AUXILIAR OBRAS	11682	VILLAR ESTEVEZ, RAIMUNDO		1.700,78 €
127	TCO MANTENIMIENTO INFORMATICA	15680	VAZQUEZ PEDRIDO, GUMERSINDO		1.700,78 €
181	INSPECTOR AUXILIAR OBRAS	17704	ZARAGOZA BASTOS, JUAN		1.700,78 €
			<b>TOTAL</b>		42.719,32 €

**18(1285).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 17/08/2012 EXPTE. 26090/212. EXPTE. 23411/220.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 4.09.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 2.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“**Primeiro.-** Rectificar de oficio o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/8/2012, en canto ao importe total da produtividade proposta, sendo a cantidade correcta 63713,28 €,”

**19(1286).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE CONSOLIDACIÓN DE GRAO PERSOAL DE D. PABLO OLMOS PITA. EXPTE. 23498/220.**

Dáse conta da Resolución do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, do 28.09.2012, a proposta da xefa da área de Réxime Interior, que di o que segue:

“A medio de instancia de data 23/08//2012 (doc. núm. 120098302), o funcionario de carreira deste Concello con praza de técnico de administración xeral e posto de Adxunto ao Xefe do Servizo Contencioso, adscrito á Asesoría Xurídica Municipal, D. Pablo Olmos Pita, con DNI 33.348.774-Q e nº de persoal 80548, solicita o recoñecemento do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 28, motivado na adscrición a un posto de dito nivel durante máis de 2 anos sen interrupción.

Dos datos obrantes no expediente persoal do interesado, conséntase que por resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal de data 3 de abril de 2009, foi adscrito ao posto de Asesor /a Xurídico/a adxunto, o cal contaba cun nivel de complemento de destino 28.

Por resolución de data 11 de novembro de 2011, foi adscrito ao posto de Adxunto ao Xefe do Servizo Contencioso, posto que conta cun nivel de complemento de destino 28 e que continua desenvolvendo na actualidade.

I.- De conformidade co establecido na Disposición Derogatoria Única, apartado b) e Final Cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89, do 13 de abril de 2007) a regulación xurídica da consolidación do grao persoal recollida no art. 21 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, está derogada de forma expresa; nembargantes, e toda vez que o sistema retributivo dos empregados públicos atópase diferido ao posterior desenvolvemento legal e regulamentario que no seu momento se efectúe, e toda vez que o réxime de retributivo do persoal ao servizo da Administración rexerá polo disposto para os funcionarios ao servizo da Administración do Estado segundo establece o RD 861/1986, do 25 de abril, modificado por RD 158/1996, do 2 de febreiro, estímase necesario efectuar unha remisión normativa ao disposto nos artigos 70 e 71 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que establece que o grao persoal consolídase polo desenvolvemento de un ou máis postos do nivel correspondente durante dous anos continuados ou tres con interrupción, calquera que fose o sistema de provisión. En todo caso, deberán respetarse sempre os límites legais establecidos no artigo 71 anteriormente citado en canto aos intervalos de niveis máximos e mínimos para a consolidación dentro de cada subgrupo de titulación.

Todo o antedito sen prexuízo do disposto no Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia, en canto que no que non esté reservado á lexislación do Estado será aplicable ao persoal da Administración Local (artigo 3.2).

II.- Asemade, resulta de aplicación o acordo do Pleno do Concello de data 2 de marzo de 1998, que establece o dereito ao recoñecemento do grao persoal dos empregados municipais polo desempeño dun posto de traballo durante 2 anos continuados ou tres con interrupción, aplicable tanto ao persoal laboral como ao persoal funcionario.

III.- Por isto, considerando as atribucións que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o art. 127.1.h) da Ley 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a Modernización do Goberno Local, e que por delegación efectuada en acordo de data 17/6/2011 corresponden ao Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, sométese ao criterio decisorio do mesmo a seguinte proposta de resolución:

“Recoñecer ao funcionario de carreira deste Concello con praza de técnico de administración xeral e posto de Adxunto ao Xefe do Servizo Contencioso, adscrito á Asesoría Xurídica Municipal, D. Pablo Olmos Pita, con DNI 33.348.774-Q e nº de persoal 80548, a consolidación do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 28 motivado no desempeño durante máis de dous anos continuados dun posto dese nivel, nos termos dos fundamentos xurídicos que anteceden e consonte á documentación que obra incorporada ao seu expediente persoal”.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa

notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**20(1287).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE CONSOLIDACIÓN DO GRAO PERSOAL DE D.<sup>a</sup> MARGARITA PARAJÓ CALVO. EXPTE. 23499/220.**

Dáse conta da Resolución do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, do 28.09.2012, a proposta da xefa da área de Réxime Interior, que di o que segue:

“A medio de instancia de data 21/08//2012 (doc. núm. 120097237), a funcionaria de carreira deste Concello con praza de técnico de administración xeral (rama xurídica), actualmente en situación administrativa de servizo especiais por ser nomeada titular da asesoría xurídica municipal, D<sup>a</sup> Margarita Parajó Calvo, con DNI 36.1213.798-K e nº de persoal 79131, solicita o recoñecemento do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 28, motivado na adscrición a un posto de dito nivel durante máis de 2 anos sen interrupción.

Dos datos obrantes no expediente persoal da interesada, conséntase que por resolución de data 1 de outubro de 2008, en execución do acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de agosto anterior pola que se aprobou a Relación de Postos de Traballo para o ano 2008, resolveu a adscrición provisional ao posto de Asesor /a Xurídico/a adxunto con efectos de 5 de agosto de 2008, posto que contaba cun nivel de complemento de destino 28.

Por resolución do concelleiro-delegado da Area de Xestión municipal de data 3 de abril de 2009, foi adscrita ao posto de Xefe/a do Servizo de Recursos e Asesoramento, posto que conta cun nivel de complemento de destino 28 e que continuou desenvolvendo sen interrupción ata o seu nomeamento como Titular da Asesoría Xurídica por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de xullo de 2011.

I.- De conformidade co establecido na Disposición Derogatoria Única, apartado b) e Final Cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89, do 13 de abril de 2007) a regulación xurídica da consolidación do grao persoal recollida no art. 21 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, está derogada de forma expresa; nembargantes, e toda vez que o sistema retributivo dos empregados públicos atópase diferido ao posterior desenvolvemento legal e regulamentario que no seu momento se efectúe, e toda vez que o réxime de retributivo do persoal ao servizo da Administración rexerá polo disposto para os funcionarios ao servizo da Administración do Estado segundo establece o RD 861/1986, do 25 de abril, modificado por RD 158/1996, do 2 de febreiro, estímase necesario efectuar unha remisión normativa ao disposto nos artigos 70 e 71 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que establece que o grao persoal consolídase polo desenvolvemento de un ou máis postos do nivel correspondente durante dous anos continuados ou tres con interrupción, calquera que fose o sistema de provisión. En todo caso, deberán respetarse sempre os límites legais establecidos no artigo 71 anteriormente citado en canto aos intervalos de niveis máximos e mínimos para a consolidación dentro de cada subgrupo de titulación.

Todo o antedito sen prexuízo do disposto no Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia, en canto que no que non esté reservado á lexislación do Estado será aplicable ao persoal da Administración Local (artigo 3.2).

II.- Asemade, resulta de aplicación o acordo do Pleno do Concello de data 2 de marzo de 1998, que establece o dereito ao recoñecemento do grao persoal dos empregados municipais polo desempeño dun posto de traballo durante 2 anos continuados ou tres con interrupción, aplicable tanto ao persoal laboral como ao persoal funcionario.

III.- Por isto, considerando as atribucións que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o art. 127.1.h) da Ley 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a Modernización do Goberno Local, e que por delegación efectuada en acordo de data 17/6/2011 corresponden ao Sr. concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal, sométese ao criterio decisorio do mesmo a seguinte proposta de resolución:

“Recoñecer a funcionaria de carreira deste Concello con praza de técnico de administración xeral (rama xurídica), en situación de servizos especiais por ser nomeada Titular da Asesoría Xurídica Municipal, D<sup>a</sup> Margarita Parajó Calvo, con DNI 36.1213.798-K e nº de persoal 79131, a consolidación do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 28 motivado no desempeño durante máis de dous anos continuados dun posto dese nivel, nos termos dos fundamentos xurídicos que anteceden e consonte á documentación que obra incorporada ao seu expediente persoal”.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

### **21(1288).- DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN PROVISIONAL DA “MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 7 DO PXOM, RELATIVA A DEFINIÇÃO DE ALIÑACIÓNS NO CAMIÑO DA Balsa (MATAMA). EXPTE. 13312/411.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral e do xefe do servizo de Desenvolvemento Urbanístico, do 3.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Desestimar a alegación presentada por D<sup>a</sup>. Irene Alonso Freire con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 04.07.2012 (doc.120081478) durante o trámite de exposición pública, sobre a base do informe do Xefe de Desenvolvemento Urbanístico do día 02.10.2012.

SEGUNDO: Aprobar provisionalmente a “Modificación puntual nº.7 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo, relativa a definición de aliñacións no Camiño de Balsa (Matamá), redactada pola Oficina de Planeamento e Xestión da XMU en xaneiro de 2012 (Documento V1).

TERCEIRO: Remitir o expediente completo debidamente dilixenciado ao titular da CMATI como órgano competente para a súa aprobación definitiva, que se entenderá producida se transcorreran tres meses dende a entrada do expediente completo no correspondente Rexistro autonómico sen que se fora comunicada a resolución que proceda.

CUARTO: Dar traslado do presente acordo á Asesoría Xurídica do Excmo. Concello de Vigo para o seu coñecemento e remisión ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª).

Non obstante, o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime oportuno.

**22(1289).- DESESTIMACIÓN DA ALEGACIÓN E APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 4 DO PXOM, RELATIVA ÁS CONDICIÓN DE FONDO EDIFICABLE NAS ORDENANZAS (EDIFICACIÓN EN COUZADA PECHADA). EXPTE. 13145/411.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral e do xefe do servizo de Desenvolvemento Urbanístico, do 3.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Desestimar a alegación presentada por Dª. Elisa Villar Mallo con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 06.09.2012 (doc.120102706) durante o trámite de exposición pública, sobre a base do informe da Xefa da Área Técnica do día 26.09.2012.

SEGUNDO: Aprobar provisionalmente a “Modificación puntual nº.4 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo, relativa ás condicións de fondo edificable nas Ordenanzas (Edificación en couzada pechada) e 4 (Edificación en aliñación de rúa)”, redactada pola Oficina de Planeamento e Xestión da XMU en xaneiro de 2012 (Documento V1).

TERCEIRO: Dar traslado do contido da Modificación puntual nº.4 do PXOM provisionalmente aprobada, ás Administracións competentes en materia de costas para que, de conformidade co artigo 117.2 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, se pronuncien sobre a mesma no prazo máximo de dous meses, para seguidamente, e sempre que os informes emitidos non sexan desfavorables en materias da súa competencia, remitir o expediente completo debidamente dilixenciado ao titular da CMATI como órgano competente para a súa aprobación definitiva, que se entenderá producida se transcorreran tres meses dende a entrada do expediente completo no correspondente Rexistro autonómico sen que se fora comunicada a resolución que proceda.

Non obstante, o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime oportuno.

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

**23(1290).- CRITERIOS TRANSITORIOS DE XESTIÓN ECONÓMICA E ADMINISTRATIVA RELATIVOS ÁS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS NA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE, TEMPORAL DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO, DERIVADA DA APLICACIÓN DO RDL 20/2012, DO 13 DE XULLO, DE MEDIDAS PARA GARANTIR A ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DE FOMENTO DA COMPETITIVIDADE. EXPTE. 23544/220.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 11.10.2012, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, conformado polo concelleiro delegado da área e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno Local acorda:

**“Primeiro.-** Aprobar os “CRITERIOS TRANSITORIOS DE XESTIÓN ECONÓMICA E ADMINISTRATIVA RELATIVOS ÁS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS NA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL (IT) DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO, DERIVADA DA APLICACIÓN DO REAL DECRETO-LEI 20/2012, DO 13 DE XULLO, DE MEDIDAS PARA GARANTIR A ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DE FOMENTO DA COMPETITIVIDADE”, aprobados pola Mesa Xeral de Negociación do Concello de Vigo en sesión de data 10/10/2012, segundo as actas obrantes no expediente administrativo, cos efectos previstos na lexislación de referencia e nos termos e co alcance do previsto no informe xurídico que antecede e informe de data 08/10/2012, contidos no ANEXO I ao presente acordo.

**Segundo.-** Designar ao Comité de Seguridade e Saúde Laboral do Concello de Vigo como órgano de debate, interpretación, informe e dirimencia das cuestións susceptibles de xenerarse na aplicación práctica dos criterios transitorios que polo presente se aproban, sen prexuízo da competencia para a xestión das incidencias que en concepto de cotizacións á Seguridade Social corresponden ao Servizo de Recursos Humanos.

Notifíquese o presente acordo aos órganos de representación sindical do persoal municipal, Intervención Xeral Municipal, Xefaturas de Área e Servizo, Servizo de Recursos Humanos (Negociado de Seguridade Social) dispoñendo a publicación da parte dispositiva do presente acordo e do ANEXO I na intranet municipal para público coñecemento do persoal municipal.

## **ANEXO I**

“CRITERIOS TRANSITORIOS DE XESTIÓN ECONÓMICA E ADMINISTRATIVA RELATIVOS ÁS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS NA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL (IT) DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO, DERIVADA DA APLICACIÓN DO REAL DECRETO-LEI 20/2012, DO 13 DE XULLO, DE MEDIDAS PARA GARANTIR A ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DE FOMENTO DA COMPETITIVIDADE”,

1.-PRESTACIÓNS ECONÓMICAS A PERCIBIR POLOS EFECTIVOS PÚBLICOS MUNICIPAIS NOS SUPOSTOS DE CONCORRENCIA DA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL (IT) E RÉXIME APLICABLE AOS SUPOSTOS DE IT POR CONTINXENCIAS COMÚNS E CONTINXENCIAS PROFESIONAIS:

As condicións da prestación veñen determinadas polo artigo 9 do Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade (BOE nº 168, do 14 de xullo do 2012) no cal se establece que:

*“1. La prestación económica de la situación de incapacidad temporal del personal al servicio de las Administraciones Públicas y órganos constitucionales se regirá por lo dispuesto en este artículo.*

2. Cada Administración Pública, en el ámbito de sus respectivas competencias, podrá complementar las prestaciones que perciba el personal funcionario incluido en el Régimen General de Seguridad Social y el personal laboral a su servicio en las situaciones de incapacidad temporal, de acuerdo con los siguientes **límites**:

1.º Cuando la situación de incapacidad temporal derive de contingencias comunes, durante los tres primeros días, se podrá reconocer un complemento retributivo hasta alcanzar como máximo el cincuenta por ciento de las retribuciones que se vengán percibiendo en el mes anterior al de causarse la incapacidad. Desde el día cuarto hasta el vigésimo, ambos inclusive, el complemento que se pueda sumar a la prestación económica reconocida por la Seguridad Social deberá ser tal que, en ningún caso, sumadas ambas cantidades, se supere el setenta y cinco por ciento de las retribuciones que vinieran correspondiendo a dicho personal en el mes anterior al de causarse la incapacidad. A partir del día vigésimo primero y hasta el nonagésimo, ambos inclusive, podrá reconocerse una prestación equivalente al 100% de las retribuciones básicas, de la prestación por hijo a cargo, en su caso, y de las retribuciones complementarias.

2.º Cuando la situación de incapacidad temporal derive de contingencias profesionales, la prestación reconocida por la Seguridad Social podrá ser complementada, desde el primer día, hasta alcanzar como máximo el cien por cien, de las retribuciones que vinieran correspondiendo a dicho personal en el mes anterior al de causarse la incapacidad.

3. Quienes estén adscritos a los regímenes especiales de seguridad social del mutualismo administrativo en situación de incapacidad temporal por contingencias comunes, percibirán el cincuenta por ciento de las retribuciones tanto básicas como complementarias, como de la prestación de hijo a cargo, en su caso, desde el primer al tercer día de la situación de incapacidad temporal, tomando como referencia aquellas que percibían en el mes inmediato anterior al de causarse la situación de incapacidad temporal. Desde el día cuarto al vigésimo día, ambos inclusive, percibirán el setenta y cinco por ciento de las retribuciones tanto básicas como complementarias, como de la prestación de hijo a cargo, en su caso. A partir del día vigésimo primero y hasta el nonagésimo, ambos inclusive, percibirán la totalidad de las retribuciones básicas, de la prestación por hijo a cargo, en su caso, y de las retribuciones complementarias. Cuando la situación de incapacidad temporal derive de contingencias profesionales, la retribución a percibir podrá ser complementada, desde el primer día, hasta alcanzar como máximo el cien por cien de las retribuciones que vinieran correspondiendo a dicho personal en el mes anterior al de causarse la incapacidad.

A partir del día nonagésimo primero, será de aplicación el subsidio establecido en cada régimen especial de acuerdo con su normativa.

5. Cada Administración Pública podrá determinar, respecto a su personal, los **supuestos** en que con **carácter excepcional** y debidamente justificados se pueda establecer un complemento hasta alcanzar, como máximo, el cien por cien de las retribuciones que vinieran disfrutando en cada momento. A estos efectos, se considerarán en todo caso debidamente justificados los supuestos de hospitalización e intervención quirúrgica.

En ningún caso los funcionarios adscritos a los regímenes especiales de seguridad social gestionados por el mutualismo administrativo podrán percibir una cantidad inferior en situación de incapacidad temporal por contingencias comunes a la que corresponda a los funcionarios adscritos al régimen general de la seguridad social, incluidos, en su caso, los complementos que les resulten de aplicación a estos últimos.

6. Las referencias a días incluidas en el presente artículo se entenderán realizadas a días naturales.

7. Asimismo, se suspenden los Acuerdos, Pactos y Convenios vigentes que contradigan lo dispuesto en este artículo.”

2.- PRESTACIÓNS ECONÓMICAS A PERCIBIR POLOS EFECTIVOS PÚBLICOS MUNICIPAIS NOS SUPOSTOS DE INCAPACIDADE TEMPORAL (IT) DE CARÁCTER EXCEPCIONAL, DEBIDAMENTE XUSTIFICADOS:

Dende o pleno respecto ao dereito constitucional á intimidade persoal garantizado pola Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal- enténdense como **supostos de carácter excepcional debidamente xustificados** –a prestación económica derivada dos cales sería susceptible de ser completada, ata o 100% das retribucións que se viñeran disfrutando, polo Concello- os seguintes:

- hospitalización.
- intervención cirúrxica e os correspondentes períodos de recuperación postoperatorios, debidamente acreditados.
- situacións de incapacidade temporal (IT) sen hospitalización derivadas de ou provocadas por enfermidades crónicas e/ou dexenerativas, incluíndo os tratamentos e/ou terapias hospitalarias derivadas das mesmas; e por discapacidades debidamente acreditadas en grao igual ou superior ao 33%
- situación de incapacidade temporal (IT) derivada do embarazo e situacións de incapacidade temporal (IT) derivadas da existencia de risco durante o mesmo, debidamente acreditadas.

En todo caso, será requisito imprescindible a acreditación da excepcionalidade da continxencia, mediante a aportación no Servizo de Recursos Humanos (Negociado de Seguridade Social) dos informes clínicos correspondentes, que serán tratados como datos de carácter persoal susceptibles de especial protección, nos termos da lexislación vixente.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende a notificación ou publicación do mesmo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito

## **24(1291).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PRESENTADAS Ó PROCEDIMENTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL UBICADO NAS INSTALACIÓNS DE MARQUES DE VALTERRA Nº 6. EXPTE. 71394/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 10.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento para a contratación do servizo de centro



integral de inclusión e emerxencia social ubicado nas instalacións de Marques de Valterra nº 6 ( expediente nº 71394-301) no seguinte orde decrecente:

1. ATENCIÓN SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5, S.L., con una puntuación de 98 puntos.
2. CLECE, S.L., con una puntuación de 59, 03 puntos.

Segundo.- Requerir ó licitador clasificado en primeiro lugar, ATENCION SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgado da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Terceiro.-Requerir ó citado licitador o aboamento de 750,04 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Cuarto.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

**25(1292).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “XANTAR NA CASA”. EXPTE.L 78792/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do xefe de Política de Benestar e da técnica responsable do servizo de persoas maiores e persoas con discapacidade, do 2.10.2012, conformado pola xefa da área de Política de Benestar e co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1- Aprobar a prórroga do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento do programa “Xantar na Casa” dende o 15 de outubro de 2012 ata o 15 de outubro de 2013.

2- Aprobar un máximo de 120 prazas para o programa “Xantar na Casa” ata o 15 de outubro de 2013, sempre e cando a suma dos importes medios mensuais non excedan do orzamento total anual que se estipula para este convenio.

3- Aprobar o prezo de 1,90€ /día por persoa que aboará o concello de Vigo ao Consorcio por cada usuario do “Xantar na Casa”

4-Autorizar o gasto de 80.000,00€ con cargo á partida 2310.2260908 “Programa Xantar na Casa”, desta cantidade imputarase 17.500,00€ ao ano 2012 e 62.500,00€ ao ano 2013.

5- Aprobar a Addenda ao convenio asinado o 15 de outubro de 2009 polo consorcio galego de servizos de igualdade e benestar e o concello de Vigo para o desenvolvemento do programa xantar na casa no concello de Vigo

#### **26(1293)- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non hai intervencións.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9,15 horas. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.